

anda!na

revista galega de pensamento feminista
2013 prezo: 10 euros

64

meiro en chamar a atención sobre o problema da violencia machista. Houbo, e segue habendo, mobilizacións na rúa e tamén xornadas e estudos dedicados a analizar as causas e as consecuencias desta violencia. Hoxe a sociedade semella estar máis sensibilizada diante desta lacra e desde os medios e as institucións hai unanimidade á hora de condenar todos os actos de violencia machista. Pero esta maior conciencia do problema non ten servido de moito se nos atemos aos datos. A violencia contra as mulleres non diminúe e, cunhas cifras de máis dunha morta á semana, corremos o risco de que nos acostumemos a estas noticias e que só cando afecta a persoas coñecidas ou acontecen na nosa cidade ou ben son especialmente dramáticas consigamos manter a atención da sociedade. Por outra parte, o número de mulleres mortas, que, sexa o que sexa, será sempre excesivo, non deixa de ser a punta do iceberg de todos os actos de violencia que se producen e que non chegan a ser noticia dos xornais.

A maioría de actos de violencia acontecen no ambiente privado das vítimas, maridos, pais, irmáns, mozos... Un ambiente privado onde son habituais as dependencias afectivas e/ou económicas. Un ambiente privado sobre o que pesa unha cultura sexista que lexítima un papel máis agresivo dos homes e de submisión das mulleres. Por iso, non é posible enfrontarse ao problema da violencia machista sen cuestionar tamén as relacións que se establecen nos ámbitos privados. De novo aquilo que

Todos os estudos sobre violencia de xénero, non só os que se fan dentro do ámbito feminista, coinciden en que unha das causas principais das agresións é o arraigado que aínda está o machismo na sociedade. A lei Integral Contra a Violencia de Xénero, que na súa exposición de lei integral supón un avance notable, na súa aplicación práctica destaca máis polos aspectos punitivos que por atender aos aspectos sociais que a provocan. Aumentan as penas para os agresores e a cualificación dos delitos, hai máis xulgados e policíaes especializados, pero se recortan os medios nos centros de acollida e as subvencións para os programas de igualdade desaparecen ou son case inexistentes. As campañas de sensibilización das administracións prográmanse case todas ao redor do 25 de novembro e o resto do ano pouco máis hai que concentracións nas portas dos concellos cando acontece algunha morte.

Entre os últimos datos que coñecemos sobre este tema resulta especialmente preocupante o medre da violencia sexista entre adolescentes. Segundo a última memoria da Fiscalía Xeral do Estado, de 2011 a 2012, os procesos xudiciais por violencia machista en adolescentes incrementaron un 30 %. Estas cifras demostran, mellor que ningunha outra cousa, que a maior conciencia social do problema non ten contribuído a mudar as mentalidades, mesmo hai en moitos casos unha volta atrás. Despois dunhas xeracións de mulleres que racharon cos roles tradicio-

do feminismo de que o

nais das súas nais e avoas, que ocupaban as rúas e estaban orgullosas da súa independencia dos homes, as actitudes machistas e a perda de autonomía das mulleres é cada vez máis habitual, pois o que si existe é un maior sentimento de inseguridade nas mulleres fóra do ámbito privado, máis medo a saír soas pola rúa. *Do temos dereito a camiñar tranquilas de noite e de día pasamos ao se volves soa, chámame cando chegues.*

Ao medre das agresións entre adolescentes non é alleo a influencia entre a xente nova do concepto de amor romántico que seguen a transmitir as cancións, a literatura, as películas e series de tv, con máis aceptación entre a xuventude. As historias de princesas sedutoras e príncipes valentes volven invadir o imaxinario das rapazas e rapaces, aínda que agora sexa baixo a aparencia de vampiros ou espectros. Relacións, nas que os papeis masculinos e femininos acostuman responder aos estereotipos de rapaza guapa e fráxil e mozo valente e agresivo. Un estudo realizado en 2011 polo Ministerio de Igualdade e a Universidade Complutense aporta o dato de que un 4,9 % das mozas xa ten sido vítima dalgún tipo de violencia e que unha de cada cinco, xustifica o sexismo e a agresión como forma de enfrontarse aos conflitos.

Os celos vense como unha demostración de amor e o control sobre a vida, sobre as chamadas e as saídas, non se consideran acoso, senón unha proba da intensidade do afecto. As adolescentes non identifican a violencia de xénero da que informan os medios como algo que lles poida pasar a elas e moitas veces non son

FEMINISMO CON VOZ PROPIA

- 3 Editorial**
- 4 Denuncias e comentarios**
- 14 Ollando os recortes sanitarios con gafas de xénero**
Ana Luísa Bouza Santiago
- 17 O clítoris: Unha historia por contar**
María Lameiras Fernández, María Victoria Carrera
Fernández e Yolanda Rodríguez Castro
- [ENTREVISTAS] **22 Entrevista a M.ª Teresa Gómez Louzao**
Nanina Santos e Laura Gómez Lorenzo
- 26 Mãe, quero ser precaria**
Clara de Vargas
- 28 Boys don't cry**
Patricia Arias Chachero
- [LEMBRANZAS] **31 Amelia, unha vida marcada pola emigración**
Amparo Otero Alonso
- [LIBROS] **33 Calidoscopio, de Ana M.ª Arellano Salafranca**
Patricia Arias Chachero
- [FILMES] **34 Hannah Arendt**
Ana Luísa Bouza Santiago
- [ILUSTRACIÓN] **35 Grecia**
Tana Oshima

Desde *Andaina: Revista Galega de Pensamento Feminista* quixeramos agradecerlles a: Carme Adán, María Xosé Agra, Marilar Aleixandre, Luigi Anselmi, María Xesús Arias, Xosé Manuel Beiras, Carlos Blanco, Carme Blanco, Xosé Bocixa, Begoña Caamaño, Carlos Callón, Marica Campo, Comba Campoy, Chèvere, Olalla Cociña, Concello de Teo, Concello de Santiago, Dencho no Bico, Germán Díaz, Guillermina Domínguez, Felicia Estévez, Fuxan os Ventos, Marcial Gondar, Histeria Teatro, Leandro Lamas, Fana Lang, Agar Ledo, Margarita Ledo Andión, Tereixa Ledo Regal, Leilía, Concha Losada, Aurora Marco, Alba Nogueira, Carme Nogueira, Tana Oshima, Encarna Otero, Aida de Prada, Ángeles de Prada, Car de Prada, Carolina de Prada Antón, Cora Peña, Mariña Pérez Rei, Uqui Permui, Manuel Portas, Luz María Puente Aba, Carme Rábade, Antón Ribeiro Coello, Isabel Rodríguez Mate, Daniel Salgado, Áurea Sánchez, Xosé Manuel Sarille, Sechu Sende, Uxía Senlle, Lidia Senra, Carlos Seráns, Isabel Vilalba, Carme Vicente e Fidel Vidal e a todas as persoas que nos acompañaron e botaron unha man.

O afecto que nos demostraron e os seus agasallos. Grazas aos seus regalos e a súa colaboración fixemos os dous números de *Andaina* neste ano 2013.

Revista Galega de Pensamento Feminista
Primeiro semestre, 2014
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Ana Luísa Bouza Santiago
Zélia García
Laura Gómez Lorenzo
M.ª Teresa Gómez Louzao
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Ana Luísa Bouza Santiago
María Lameiras Fernández
María Victoria Carrera Fernández
Yolanda Rodríguez Castro
Nanina Santos
Laura Gómez Lorenzo
Clara de Vargas
Patricia Arias Chachero
Amparo Otero Alonso

Deseño gráfico: uqui.net
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente coas opinións dos artigos que aparecen nesta revista

EDITORIAL

Máis alá do 25 de novembro

O movemento feminista foi o primeiro en chamar a atención sobre o problema da violencia machista. Houbo, e segue habendo, mobilizacións na rúa e tamén xornadas e estudos dedicados a analizar as causas e as consecuencias desta violencia. Hoxe a sociedade semella estar máis sensibilizada diante desta lacra e desde os medios e as institucións hai unanimidade á hora de condenar todos os actos de violencia machista. Pero esta maior conciencia do problema non ten servido de moito se nos atemos aos datos. A violencia contra as mulleres non diminúe e, cunhas cifras de máis dunha morta á semana, corremos o risco de que nos acostumemos a estas noticias e que só cando afecta a persoas coñecidas ou acontecen na nosa cidade ou ben son especialmente dramáticas consigamos manter a atención da sociedade. Por outra parte, o número de mulleres mortas, que, sexa o que sexa, será sempre excesivo, non deixa de ser a punta do iceberg de todos os actos de violencia que se producen e que non chegan a ser noticia dos xornais.

A maioría de actos de violencia acontecen no ambiente privado das vítimas, maridos, país, irmáns, mozos... Un ambiente privado onde son habituais as dependencias afectivas e/ou económicas. Un ambiente privado sobre o que pesa unha cultura sexista que lexítima un papel máis agresivo dos homes e de submisión das mulleres. Por iso, non é posible enfrontarse ao problema da violencia machista sen cuestionar tamén as relacións que se establecen nos ámbitos privados. De novo aquilo que

aprendemos do feminismo de que *o privado é público*.

Todos os estudos sobre violencia de xénero, non só os que se fan dentro do ámbito feminista, coinciden en que unha das causas principais das agresións é o arraigado que aínda está o machismo na sociedade. A lei Integral Contra a Violencia de Xénero, que na súa exposición de lei integral supón un avance notable, na súa aplicación práctica destaca máis polos aspectos punitivos que por atender aos aspectos sociais que a provocan. Aumentan as penas para os agresores e a cualificación dos delitos, hai máis xulgados e policía especializada, pero se recortan os medios nos centros de acollida e as subvencións para os programas de igualdade desaparecen ou son case inexistentes. As campañas de sensibilización das administracións prográmanse case todas ao redor do 25 de novembro e o resto do ano pouco máis hai que concentracións nas portas dos concellos cando acontece algunha morte.

Entre os últimos datos que coñecemos sobre este tema resulta especialmente preocupante o medre da violencia sexista entre adolescentes. Segundo a última memoria da Fiscalía Xeral do Estado, de 2011 a 2012, os procesos xudiciais por violencia machista en adolescentes incrementaron un 30 %. Estas cifras demostran, mellor que ningunha outra cousa, que a maior conciencia social do problema non ten contribuído a mudar as mentalidades, mesmo hai en moitos casos unha volta atrás. Despois dunhas xeracións de mulleres que racharon cos roles tradicio-

nais das súas nais e avoas, que ocupaban as rúas e estaban orgullosas da súa independencia dos homes, as actitudes machistas e a perda de autonomía das mulleres é cada vez máis habitual, pois o que si existe é un maior sentimento de inseguridade nas mulleres fóra do ámbito privado, máis medo a saír soas pola rúa. *Do temos dereito a camiñar tranquilas de noite e de día pasamos ao se volves soa, chámame cando chegues.*

Ao medre das agresións entre adolescentes non é alleo a influencia entre a xente nova do concepto de amor romántico que seguen a transmitir as cancións, a literatura, as películas e series de tv, con máis aceptación entre a xuventude. As historias de princesas sedutoras e príncipes valentes volven invadir o imaxinario das rapazas e rapaces, aínda que agora sexa baixo a aparencia de vampiros ou espectros. Relacións, nas que os papeis masculinos e femininos acostuman responder aos estereotipos de rapaza guapa e fráxil e mozo valente e agresivo. Un estudo realizado en 2011 polo Ministerio de Igualdade e a Universidade Complutense aporta o dato de que un 4,9 % das mozas xa ten sido vítima dalgún tipo de violencia e que unha de cada cinco, xustifica o sexismo e a agresión como forma de enfrontarse aos conflitos.

Os celos vense como unha demostración de amor e o control sobre a vida, sobre as chamadas e as saídas, non se consideran acoso, senón unha proba da intensidade do afecto. As adolescentes non identifican a violencia de xénero da que informan os medios como algo que lles poida pasar a elas e moitas veces non son

conscientes do perigo que corren ao perder toda a autonomía e capacidade de decisión en aras do amor.

Resulta moi difícil eliminar os prexuizos e mudar as mentalidades, pero non podemos baixar a garda nin escatimar os medios para conseguilo. Temos que mobilizarnos contra as agresións e implicar a toda a sociedade nesta loita, hai que darlles ás vítimas o apoio que precisen e perseguir aos agresores. Hai que traballar en todos os ámbitos e lugares para erradicar o machismo. É urxente transmitirllas ás novas xeracións valores igualitarios e potenciar a autonomía das rapazas e rapaces. É urxente, esteamos ou non en crise.

A crise tamén chega a *Andaina*

A equipa de *Andaina* seguimos empenadas en que a revista continúe a pesar das dificultades económicas e de disposición de tempo libre das que estamos detrás. Ás veces isto é difícil, porque cada vez os custes son maiores e non contamos con subvencións nin publicidade e porque a crise ten obrigado a algunhas de nós, sobre todo as máis novas, a buscarse a vida con actividades que lles ocupan máis tempo e enerxías que antes.

Vistos os medios cos que contamos na actualidade pensamos que a mellor forma de seguir mantendo viva a presenza de *Andaina* pasa por renovar a revista en formato dixital, poñer en marcha unha nova web máis dinámica e atractiva que se actualizará cada dous meses con novos artigos e noticias e sacar tamén unha vez ao ano un especial en papel cunha selección destes artigos incorporando outros a maiores.

Esperamos seguir contando coa vosa comprensión e o voso apoio nestes momentos difíciles para que *Andaina*, en papel ou dixital, siga sendo unha revista feminista, en galego e independente. ■



Nadia Popova. © RIA Novosti. TopFoto.

Nadia Popova foi unha das aviadoras rusas do 588º Rexemento de bombardeo nocturno. Naceu en 1912, en Ucraína. Era filla dun ferroviario e desde nena quixo ser aviadora. Con 19 anos, en 1931, estaba enrolada como piloto.

Os soldados alemáns chamábanas as bruxas da noite e aos seus avións máquinas de coser. Convén reparar nestas denominacións, tan femininas elas, axentes desposuidores da función e o cometido *tan pouco feminino* que procuraban.

Segundo escribía Jacinto Antón no obituario de *El País* (22/07/2013) —ben sabedes que a través desta sección, descubrimos cousas valiosas e interesantes das mulleres falecidas de quen só entón se nos contan aventuras, peripecias, valentías, logros e descubrimentos—: «A peripecia das pilotos rusas da segunda guerra mundial é unha das páxinas máis emocionantes e conmovedoras da historia da aviación. Foron as únicas mulleres que voaron en misións de combate durante a contenda. A forza aérea soviética [...] recrutou tres

rexementos enteiros compostos só por mulleres, non só as aviadoras, senón todo o persoal de terra. Popova, unha das miles que se alistaron, foi seleccionada para o bombardeo nocturno, a misión menos glamurosa, pois todas querían ser pilotos de caza, como Lily Litvak, *a rosa de Stalingrado*».

As *nachthexen* gañaron o respecto de todos. En 1943, as do 588º como premio á súa coraxe tiveron a honra de ser renomeadas como Rexemento de Gardas, o 46º, denominación que as integraba na elite do Exército Roxo.

Popova, que se xuramentou coas aviadoras para loitar e morrer igual que os homes pero sen deixar de ser mulleres, levaba sempre consigo o seu talismán, un broche con forma de escaravello. Facíao inda que tiñan vetado levar alfaías. Ela voou en 852 misións na guerra, en varias ocasións foi abatida ou obrigada a aterrar.

O día que rematou a contenda, o seu mozo foi buscala ao aeródromo, preto de Berlín. Xuntos visitaron a cidade e gravaron namorados os seus nomes nas ruínas do Reichstag. ■

Sheryl Sandberg, directora de Facebook, considera que: «os verdadeiros inimigos da muller son os freos que ela mesma se pon». E afirma que: «Hai que adquirir, dunha vez por todas, a seguridade nunha mesma. Con ela, e co apoio no fogar, poderedes con todo». Menos mal que lle acordou poñer «co apoio no fogar».

Vayamos adelante (Lean in). Las mujeres, el trabajo y la voluntad de liderar (Conecta, 2013), é o título do libro no que di cousas así, como *lideresa* da igualdade e da revolución das mulleres.

Xa, xa sabemos que podemos con todo. Todo, todoíño, todo. Estudos, promoción profesional, coidados no fogar a maiores e pequenos. Diferenzas salariais, maior cantidade de contratos temporais, taxa de paro, precarización. Todas esas minucias son porque temos freos que nos poñemos todas as mañás, que se non, iades ver que clase de *superwomans* seríamos. Iso sen contar peiteados, tipos, modas e modelos, maqueados e tacóns cos que rebentar as rúas, oficinas e outros centros de traballo.

Ai, miña Sheryl! Rula miña! Como é que non te decatas do mundo no que vives?

O que máis me amola é que veña esta *pija* a culpabilizar, unha vez máis, ás mulleres de que non dan, non poden, seguen petando nun muro de discriminación e opresión, só porque non lles dá a gana de sacarlle o freo ás rodas dos seus patíns. ■



Sheryl Sandberg



Malala Yousafzai na Casa Branca

Malala Yousafzai, aos seus 16 anos, foi candidata ao Nobel da Paz

Esta moza é moi coñecida en medio mundo polo ataque talibán que case que remata coa súa vida. E todo, por reclamar o dereito á educación das nenas e das mulleres no seu país. O 11 de outubro, Malala estivo no despacho oval da Casa Branca, onde lle criticou a Obama o uso de drones en Pakistán. Drones que levaron por diante vidas de persoas inocentes, que xeran odio cara aos EE. UU. e insuflan o terrorismo no seu país. Algo antes, na sé do Banco Mundial, onde tamén foi recibida, pediu máis cartos para docentes que para soldados.

Aí a valentía de Malala! Igual a convidaron para ver se a corrompían un pouco, que xa se sabe que pisar moita moqueta, saudar ás principais autoridades mundiais e recibir incenso en demasía estraga conciencias a esgalla. Non calou e con tan só 16 anos, fronte a esas autoridades que a tantos deixan calados e facendo reverencias, expresou con claridade esas duras sinxelezas. ■

denuncias e comentarios



Boicot ao vodka de orixe rusa

Así protestan bares e discotecas gays en USA, RU, Canadá e Australia contra a onda homófoba desatada en Rusia. ■



Ana Paula, activista brasileira encarcerada en Rusia

Ana Paula, unha brasileira de 31 anos, participaba na protesta pacífica contra os plans petroleiros para esburacar o Ártico, de Rusia. Agora está encarcerada en Rusia indefinidamente xunto cos 29 compañeiros de *Greenpeace* que navegaban a bordo do *Arctic Sunrise*. Algúns dos detidos están en celas de illamento e enfróntanse a quince anos de prisión por uns cargos de piratería que as autoridades fabricaron ao seu acomodo. O seu crime? Colgar unha faixa nunha plataforma petroleira rusa contra a perigosa perforación en augas fondas dun dos lugares máis fermosos e fráxiles do planeta. ■

O Arcebispo de Granada vén de publicar a través da súa editorial un libro co ilustrativo título de *Cásate y sé sumisa* da xornalista italiana Constanza Miriano. Podíamos pensar que o título e só unha maneira de chamar a nosa atención..., pero a presentación na páxina web da editorial xa vén a aclararnos que o seu contido é acorde co seu título...

Que vén despois do bico final? Despois do «the end»? Sería estupendo que os guionistas dixesen algo! Son felices? Cantos fillos teñen? Algunha sabe que se pode ser feliz ata co seu marido? Agora é o momento de aprender a obediencia leal e xenerosa, a submisión. E, entre nós, podemos dicilo: debaixo sempre se coloca o que é máis sólido e resistente, porque quen está debaixo sostén o mundo.

O único que quedaba por comprobar é se se trataba dunha publicación dun ensaio histórico, destes *simpáticos* manuais para señoritas que se editaban no franquismo..., pero non..., foi publicado en Italia en 2011 e agora en 2013 traducido ao español pola xentileza do Arcebispo de Granada.

Foron tan numerosas as críticas ao libríño que o propio arcebispo de Granada, Francisco Javier Martínez, compareceu ante os medios sinalando que non defende o libro, «que se defende por si só» e que a obra como calquera declaración que el realizase «non promoveron ningún acto de violencia á muller», ao contrario «da lexislación que liberaliza o aborto, ao igual que todas as medidas que debiliten ou eliminen o matrimonio». Grazas monseñor, quedounos moi clariño.

A autora, a italiana Constanza Miriano, tamén respondeu as críticas expresando verse sorprendida polas mesmas e di que o libro trata de «explorar a beleza do matrimonio» e que se compaxina con outra obra dirixida aos homes, *Cásate y muere por ella*. Desde logo, señora Constanza, tamén ten un título prometedor...

Segundo a autora, co libro pretende axudarnos ás mulleres a buscar a felicidade estando á sombra dos nosos homes —as que non teñamos homes ou sexamos lesbianas, estamos apañadas—, e así felizmente afirma no seu libro que «crendo que nos emancipamos, vendímonos por un prato de lentellas».

A cousa é que por esta obra, a autora foi convidada a participar no próximo seminario que vai organizar o Pontificio Consello para os Laicos sobre a dignidade da muller. Non deixa de ser curioso que despois de terse afirmado dende a cúpula da Igrexa que esta se atopaba en débeda coas mulleres, agora nos veñan con esta. Quizais non debera sorprendernos... O xesto do cambio quedou en xesto. Iso si, como en tantos outro eidos, señores e señoras da Igrexa católica, moitas grazas polos seus consellos, pero nós, *nin casadas nin submisas!* ■

denuncias e comentarios

Rouco di que «os alumnos de relixión dalgún xeito están discriminados». A que é un chiste moi simpático? O peor é que a forza de repetir este tipo de cousas hai xente que cre que son certas. ■


Erika Lust, directora de cine X e feminista, traballa en Barcelona onde ten a súa propia produtora, Lust Films & Publications. A muller é o centro da acción nas súas películas. Lust sabe que é común ao porno convencional o sexo explícito, pero aí acaba o común. Ademais de poñer a muller no centro, interésalle a estética, algo que ao porno de hoxe apenas lle importa e ademais as condicións de produción. Ela está detrás do proceso, tomando decisións e comprobando que todo se fai de maneira acaída.

Creou unha páxina web, *XConfessions*, animada pola idea de que moita xente lle pide que conte as súas historias, así que lle pareceu un xeito democrático e divertido de facelo, crear unha páxina onde podes relatar fantasías, visións ou vivencias, sen sacar nin unha prenda de roupa. Escollerá as que máis lle gusten e rodaráas con desenfado, nun estilo natural e con preocupacións estéticas. Unha das motivacións para facer este tipo de cine nace da contradición entre a súa cabeza e a súa cona ao visionar unha das primeiras películas porno, con 17 anos. Para min é importante verme a min como protagonista, ver unha película que trata sobre o meu pracer e que ten que ver comigo. Tamén me falla no cine de Hollywood e en moitas series de televisión.

Hoxe afirma que non quere que Nacho Vidal lle explique as fillas que é o sexo. ■



Erika Lust



Acaba de publicarse en castelán (Ediciones B) o emotivo diario de Lena Mujina,

recentemente descuberto, con gran valor literario e como documento histórico, segundo explica o historiador Sergei Iarov. Elena Vladimirovna Mujina (1925-1991), unha moza de 16 anos, comeza o seu diario o 22 de maio de 1941 un texto que remata o 25 de maio de 1942. As páxinas recollen as preocupacións normais nunha adolescente: estudos, amizades, amores, sexo, pero tamén outro tipo de preocupacións.

O 22 de xuño escribe que as tropas alemás cruzaron a fronteira. A adolescente dá conta das disposicións tomadas polas autoridades: construción de refuxios, instalacións de antiaéreos. A cidade transfórmase. O seu escrito narra as vidas, a fame, os bombardeos —anota onde caen as bombas e o número de mortos que provocan—, a friaxe atroz cando chega o inverno. Unha testemuña directa que dá conta dos esforzos da poboación por sobrevivir nos 900 días que durou o terrible asedio a Leningrado e que ademais de enormes estragos deixou practicamente un millón de mortos, máis que os que perderon británicos e estadounidenses en toda a guerra. Lena non se avergoña da fame. Escribe obsesivamente de comida ou do gato que lles deu para xantar dez días e no que descobre unha carne saborosa e branda ou de canto tempo mastiga unhas frangullas de pan.

O diario é todo un descubrimento que precisou de investigacións laboriosas para saber da autora. Perseguindo algunhas pistas do seu escrito lograron saber que sobreviviu ao asedio e que faleceu en Moscova no ano 1991. ■

denuncias e comentarios



Annie Leibovitz

A fotógrafa estadounidense Annie Leibovitz

recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades 2013. Ao recollelo lembrou, en primeiro lugar, a súa compañeira durante quince anos, Susan Sontag, tamén Premio Príncipe de Asturias das Letras en 2003 e morta de cancro en 2004. Cunha exitosa carreira como fotógrafa e autora dalgunhas das fotos que están na memoria colectiva, Leibovitz non é quen de explicar como se fai unha foto excepcional. «Non teño unha resposta clara. Unha das mellores que fixen é un retrato da miña nai, é a miña foto favorita, porque non hai barreira nesa imaxe [...] É difícil chegar a ese nivel de fotografía, a ese poder; é raro. Un retrato é un encontro psicolóxico, ten que ver co humor do suxeito ao que retratas». ■

Marília Moschkovich é unha socióloga e activista feminista que utiliza a rede para poñer en valor a diversidade dos feminismos. A través do seu blog www.mulheralternativa.net proporciona unha visión de xénero da sociedade brasileira. No seu manifesto blogueirasfeministas.com, que funciona como contedor de feminismos dende 2010, expón a súa razón de ser: «Este blog existe porque queremos vivenciar na rede a experiencia de ser feminista. Escrever posts, apontar manifestações do machismo na sociedade, twittar, fazer videos, publicar fotos, organizar manifestações nas ruas e na rede, entre outras formas de espalhar essa idéia de que ainda tem muita coisa pra mudar nas relações entre homens e mulheres». Unha visión feminista da crianza está presente en femmaterna.com.br, onde mulleres e homes debaten sobre: «maternagem: o conjunto de cuidados que podem ser exercidos individual ou coletivamente, por qualquer indivíduo, independente de gênero, orientação sexual, relação de parentesco. Mães, pais, vizinh@s, ti@s, avós, irmãos, amigos maternam». Activismo trans, en transfeminismo.com. Racismo e feminismo, en blogueirasnegras.org. Enderezos conectados entre si e con centos doutros, individuais e colectivos, que fan *nós* na rede. Moito, que aprender do feminismo efervescente do emerxente Brasil. ■

Calala-Fondo de Mulleres promoveu a primeira edición dun torneo solidario de fútbol feminino

que se celebrou a finais de setembro de 2013 en Eix Transversal (Barcelona). Dous foron os obxectivos que animaron a creación desa Copa Catalana: dar visibilidade a ese deporte, denunciar a desigualdade que o caracteriza e reivindicalo como capaz de desenvolver valores como a integración, a equidade de xénero e o empoderamento das mulleres, dando protagonismo a feminidades non estereotipadas. A loita polo recoñecemento das mulleres no fútbol vén de vello, desde as súas orixes en realidade. En 1894 Nettie Honeyball, unha activista polos dereitos da muller, fundou o primeiro club de fútbol feminino, o British Ladies Football Club, abrindo outro espazo de loita para a emancipación das mulleres. Nas categorías xuvenís o aumento das fichas rexistradas de mulleres acadou hoxe o 12 %, fronte ao 2 % das categorías adultas. A Copa-Calala tivo forma de *mundialillo*. Dez equipos, integramente formados por mulleres, que xogan unha *liguilla* e pasan á fase final os dous primeiros de cada grupo.

O outro obxectivo era recadar fondos para as actividades coas que Calala traballa: grupos feministas latinoamericanos, do Caribe e tamén do Estado español. Simultaneamente ao torneo, entre outras actividades, presentouse o colectivo Les Panteres Grogues, un club deportivo de gays e lesbianas que explicou o seu traballo para erradicar a homofobia e lesbofobia no deporte. ■



Shaimaa Yehia é exipcia e cega

Con 7 anos e grazas a insistencia da súa nai foi parar á Al Nour Wal Amal, unha ONG que adoptaba ás nenas máis pobres para lles dar unha educación formal polas mañás mentres polas tardes estudaban música. Shaimaa traballou con perseveranza e con 12 anos estaba na orquestra de adultos acompañada do seu violín, instrumento que escolleu porque lle encantaba a forma, o tacto da madeira e o son que emitía. Ademais estudou filoloxía inglesa e licenciouse. Imparte aulas e vive delas para pasmo dos seus irmáns.

Na orquestra da que forma parte, Light and Hope Orchestra, un conxunto de corenta mulleres cegas viaxan polo mundo para interpretar a autores clásicos e románticos de Centroeuropa e a algún compositor exipcio. Cando debutan en público ninguén dirixe a orquestra, non teñen atrás, nin partituras. Memorizan, con enorme precisión, as obras que van interpretar e son quen de tocar xuntas sen que ninguén as dirixa, lles marque o tempo nin as guíe na dinámica da obra. Todo iso non lles impide tocar ben e moi ben. Talvez a falta de ollos e da capacidade de ver se encontre compensada con outras calidades que a nós se nos antollan case milagreiras. Para Shaimaa tocar é moi importante. «Entro no meu mundo. Fuxo. O mundo real, para min, é como o lume. Guerras, protestas, xente que morre, todo patas arriba, sempre ruído de conflito. As veces non me sinto a gusto neste mundo. [...] Na orquestra deixamos de lado todo iso. Aquí, as miñas irmás e eu entendémonos moi ben [...] Podo expresarme, existir neste mundo a través da música e sinto orgullo diso. Estou aquí e ninguén pode



Shaimaa Yehia

negar a miña existencia», díxolle a John Carlin nunha entrevista que lle fixo en 2012 para o semanal de *El País*. Ela, que vive con dificultade porque é cega e porque forma parte dunha sociedade de homes, afirmase como muller exipcia que é quen de decidir sobre si mesma e de ser feliz interpretando música, sentindo os praceres que a música lle proporciona, algo que os salafistas radicais vén con malos ollos e que mesmo chegan a considerar pecado.

«Nas miñas viaxes —comenta— vin que a xente doutros países pensa que as mulleres musulmás non sabemos facer nada. Non, non é certo!» Shaimaa Yehia sabe que na sociedade exipcia as tendencias a recluír ás mulleres en tradicións periclitadas loitan por se abrir paso (rexurdimento da circuncisión feminina, peticións para que a idade á que as nenas poidan contraer matrimonio se rebaixe aos 12 anos), pero sabe tamén que «caeremos, seguro, pero volveremos a erguernos». ■



Miguel Angel Almodóvar vén de publicar *Crónica general del sexo oral*

(Anaya Multimedia, 2013). Un libro que, facendo honra ao seu título, repasa as prácticas bucoxenitais desde a antigüidade até hoxe. Nas páxinas do volume, o autor conta da paixón bucoxenital de emperadores como César e Tiberio,

comenta a suposta capacidade da raíña Cleopatra para realizar, nunha soa noite, esta práctica sexual a un centenar de soldados romanos ou a conduta do presidente J. F. Kennedy, empeñado en observar como a súa bolseira e amante practicaba, ás súas instancias, este tipo de sexo ao seu asesor, Powers.

Almodóvar tamén fala das películas pornográficas encargadas polo rei Alfonso XIII. O monarca, que podería ser denominado como *rei pornógrafo*, foi pioneiro e impulsor do cinema pornográfico. As tres películas ás que nos referimos descubríronse por casualidade na filmoteca de Valencia. Os seus títulos son: *El consultor*, *Confesor de señoras* e *El ministro*.

Tres cintas datadas entre 1919 e 1923, cuxos orixinais están na filmoteca da Comunidade Valenciana, que reflecten un sexo «brutal e explícito». «Son interesantísimas ao observar o concepto de beleza da época, *un portento de celulite*, que daquela gustaba aos cabaleiros».

O libro promete, cando menos, morbo e rexoubes que seguro que lle dan tirón para facer medrar as vendas. ■

denuncias e comentarios

Guido Barilla: Onde hai amor, hai familia

Carta aberta coa que o Nobel de Literatura, Darío Fo, lle pide a Guido Barilla, presidente de Barilla, que na súa próxima campaña publicitaria represente ás diferentes familias que existen nos nosos tempos.

Querido Guido Barilla:

Lembro o primeiro anuncio de televisión de Barilla no que participei non só como actor, senón tamén como autor dos textos e da escenografía. Foi un grande éxito e naquela época tiven tamén a oportunidade de coñecer a Pietro, o voso pai. Unha persoa creativa e intelixente, apaixonada da arte e da cultura.

Naquel anuncio faciamos publicidade de produtos que se converteron nun símbolo de Italia e de todos os italianos, nas nosas casas e en todo o mundo. A pasta é sobre todo, sinónimo de Italia, de casa e de familia. Para todos.

Hoxe o noso país está feito de moitas familias, unidas só polo amor das persoas que as forman. Un amor que non discrimina, que non ten límites: e o amor, en todo o mundo, pode nacer entre un home e unha muller, dous homes ou dúas mulleres.

Sobre o amor fúndase unha familia, esa que a vosa empresa conta na súa comunicación. Sobre o amor fúndase unha casa.

Á pregunta de por que a súa empresa non fai publicidade con familias gais, vostede respondeu: «Nunca farei un anuncio cunha familia homosexual. Nós temos un concepto diferente en relación á familia gai. Para nós o concepto de familia tradicional segue a ser un valor fundamental da empresa». Despois, tras a polémica que se desencadeou, explicou: «Simplemente quería subliñar a centralidade do rol da muller dentro da familia». E ademais: «Teño o máximo respecto por calquera persoa, sen distinción algunha. Teño o máximo respecto polos gais e pola liberdade de expresión de calquera. Dixen e repito que respecto o matrimonio gai. Barilla na súa publicidade representa a familia

porque esta acolle todo o mundo e desde sempre se identificou coa nosa marca».

Aí está, Guido. A súa empresa representa a Italia, no noso país e no resto do mundo. Unha Italia que está composta tamén de parellas de feito, de familias extensas, de familias con proxenitores homosexuais e transxénero.

Por iso pídlle que aproveite esta ocasión para volver ao espírito daquel anuncio dos anos cincuenta onde eu mesmo interpretaba unha sociedade en profundo cambio. Por iso pídlle que deixe atrás as polémicas e que se faga embaixador da liberdade de expresión de todo o mundo.

Pídlle, querido Guido, porque vostede pode darlle á Italia de hoxe a posibilidade de reflectirse de novo nun dos seus símbolos e á súa empresa de converterse nunha embaixadora da integración e das voces do presente. E pídlle que o faga coas próximas campañas publicitarias do grupo Barilla, onde a familia poderá ser finalmente representada nas infinitas e maravillosas formas que ten nos nosos tempos.

Como xa escribín: «Metamos a cabeza baixo o chorro da billa e fagamos entender aos bandidos que aínda somos quen de demostrar que somos parte dun contexto de homes e mulleres libres e pensantes». ■



Guido Barilla

Moitísimas veces as consignas feministas son enxeñosas e capaces de expresar nunhas poucas palabras demandas, denuncias e reivindicacións. Outras veces non é así. Unha das consignas que algúns grupos de mulleres pintan en paredes ou berran en manifestacións recentemente é: *Muller organizada, muller respectada*.

Podería ser un lema a prol da organización das mulleres, dos beneficios que se obteñen de organizarse, pero ten o problema de arredar ás mulleres organizadas das non

organizadas coa barreira do respecto. De xeito que as non organizadas, aínda que é seguro que si son merecedoras de respecto para quen promove ou usa o lema, polo feito de non se organizar, non o obteñen da sociedade na que viven ou das familias e seres próximos entre os que desenvolven as súas actividades. Unha suposición en absoluto demostrable e o peor, que fire sentimentos e a *dignidade* particular de milleiros de mulleres non organizadas que son respectadas. ■

denuncias e comentarios

Que lles pasa aos rusos coa homosexualidade?

Que se crime, até 1993 foi así considerado desde que en 1933 Stalin, emendándolle a plana as leis de 1917 sobre a cuestión, o dispuxese; que se enfermidade mental até 1999. Duns anos aquí, Rusia é un país sumido no desconcerto da crise e da corrupción, inseguro e con presenza de forzas conservadoras importantes e mesmo grupos neonazis que campan as súas anchas mallando a inmigrantes, a rusos non brancos, a maricas e lesbianas. Un país que afirma a súa identidade nacional recorrendo a unha tradición heterosexual.¹

As dúas leis aprobadas en xuño 2013 son boa mostra disto. Prohibición de informar a menores sobre relaciónes sexuais non tradicionais. Lembremos que nunha cámara de 450 deputados, 436 votaron a favor desa lei. Así como a modificación do Código Civil, prohibindo a homosexuais estranxeiros adoptar nenas e nenos rusos.

Dous proxectos están agora enriba da mesa: a prohibición de doar sangue aos homosexuais e a retirada da potestade parental a calquera dos proxenitores que teña unha orientación sexual non tradicional.

Putin, o presidente do Goberno, preséntase como icona do macho eslavo, deportista e cazador cunha masculinidade a proba de bomba. Se non fora serio o que acontece neste país, todo isto provocaría risa.

O 74 % dos rusos, segundo a enquisa do Centro de Investigación PEW sobre as actitudes cara a homosexualidade no mundo, vén aos homosexuais como algo malo, terrible, anormal e incomprendible. O Centro Ruso LEVADA, precisa aínda máis. Para ese 74 %, os homosexuais e as lesbianas son persoas moralmente licenciosas e psiquicamente incompletas.



A estas opinións, contribuíron e contribúen, as arengas e proclamas de gobernantes, políticos, autoridades relixiosas e personalidades da cultura e o deporte.

O cineasta ruso Nikita Mijalkov, director de películas como *Ollos negros* ou *Queimado polo sol*, declarou no mes de xullo que: «Non pode haber cine san onde se legaliza o matrimonio gai [...] Cando as cousas antinaturais se converten en norma, que se pode esperar do cine. Tráta-se do exterminio da harmonía divina e humana».

O 15 de agosto, a campioa mundial de pérttega, Yelena Isinbáyeva, criticou o xesto da atleta sueca Emma Green, que competiu nos Mundiais de Atletismo de Moscova coas unllas pintadas coas cores do arco iris. Criticouna porque, segundo ela: «É unha falta de respecto cara nós e o noso país, porque nosoutros somos rusos. Tal vez somos diferentes a outros europeos, pero temos unha lei que hai que respectar. [...] Estamos contra a súa promoción, non, obviamente, contra a libre elección de cada persoa. É a súa vida, a súa elección, os seus sentimentos, pero estamos contra da súa promoción, e eu respaldo ao Goberno [...]. Somos xente normal, estándar, simplemente vivimos homes con mulleres e mulleres con homes. Vén da historia, nunca tivemos ningún problema e non queremos telo».

¹ Yvonne Howell, profesora da Universidade de Richmond (EE. UU.), di que os rusos enfrontáronse a «unha terrible crise económica, á perda de servizos públicos en moitas áreas e a unha corrupción xeneralizada, factores que contribúen a un reforzo dos estereotipos negativos[...] As sociedades que se senten inseguras con respecto á súa identidade política, social, económica e cultural tenden a enmascarar esa inseguridade reforzando a exhibición da forza de xénero».

Xaneiro de 2013, Anton Krasovsky, unha personalidade na televisión rusa, foi despedido tras declarar no seu programa que era gai.

Marzo de 2013, Artem Kalinin, activista polos dereitos dos homosexuais, foi atacado fisicamente polo líder dun grupo neonazi. A agresión está recollida nun vídeo.

Maio de 2013, denuncian que Vladislav Tornovoy, un mozo de 23 anos, faleceu tras ser torturado, sodomizado con botellas de cervexa e golpeado cunha pedra na cabeza, logo de admitir que era homosexual. Os agresores foron os seus propios amigos.

Maio de 2013, as autoridades de Moscova rexeitan autorizar o desfile do Orgullo Gai, alegando que «é imperativo traballar de xeito nido e consistente por manter a moralidade, ensinando patriotismo ás novas xeracións no canto de dar cabida a aspiracións incomprendibles».

Xuño de 2013, a Duma aproba leis contra a «propaganda homosexual» e a adopción de nenas e nenos rusos por parte de homosexuais estranxeiros.

Xullo de 2013, catro holandeses que realizaban un documental sobre a homosexualidade no país son detidos despois de falar cun grupo de adolescentes por «estender a propaganda de relacións non tradicionais entre menores de idade».

Setembro de 2013, o deputado do partido oficialista, Rusia Unida, Alexéi Zhuravliov, presenta un proxecto de lei para que se prive aos homosexuais da patria potestade.

Outubro de 2013, o sábado 12, en San Petersburgo, un grupo de militantes ortodoxos entoando cánticos relixiosos, atacan a un grupo de defensores dos dereitos dos homosexuais. A policía detivo a unhas setenta persoas. ■

denuncias e comentarios



Menos mal que centos de mozas e mozos franceses protestaron pola expulsión de Leonarda Dibrani

do país francés por ser romanesa. Dibrani é unha rapaza de 15 anos, de orixe kosovar e estudante de 3º da ESO en Francia, país ao que chegou coa súa familia en 2009 pedindo asilo político. Un asilo que sempre lles foi denegado.

Nun escenario tan rechamante como unha excursión escolar, a policía obrigou a parar o bus para deter e expulsar a Leonarda.

Todo o que segue despois, coas declaracións do presidente socialista francés e o seu ministro do interior, así como as enquisas que dan un apoio de calafrío a tales excesos, non fan senón retratarnos esa Europa das peores tradicións, a Europa das persecucións a herexes, a xudeus, a comunistas, a feministas, a homosexuais, a sen papeis, ao distinto e ao diferente. Unha Europa que tenta blindarse das ameazas dos pobres que se amorean nas súas fronteiras procurando saltar os muros para lograr algunhas frangullas da riqueza. ■

A Asociación de Dones Periodistes de Catalunya (ADPC) na 20ª edición dos Premios de Comunicación non Sexista

concedeu o Premio de Boas Prácticas de Comunicación non Sexista 2012 para iniciativas universitarias pioneiras en investigación sobre muller e medios de comunicación ao equipo de investigación da Univerisdade Autónoma de Barcelona «Prensa para mulleres ou o discurso do privado: o caso HYMSA». O premio foille concedido a este equipo de traballo por unha investigación desde os primeiros grupos de investigación sobre estudos das mulleres constituídos en Cataluña, o *Feminari Mujer y Cultura de Masas* do departamento de Xornalismo da Universidade Autónoma de Barcelona creado en 1980. Integran este equipo: Amparo Moreno Sardà, Mar de Fontcuberta, Teresa Velázquez, Amparo Tuñón, Rosario de Mateo, Joana Gallego, Esther Crespo, Rosa Rodríguez e Anna Amorós —colaboradora desta revista, coordinadora da sección «Lembranzas dunha época» e profesora de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo—. Os nosos parabéns a todas elas por este recoñecemento ao seu labor de pioneiras na investigación de xénero. ■



Anna Amorós

As desigualdades entre mulleres e homes na vida profesional, nada desprezables, amplifícanse na xubilación. Se os salarios femininos son de media inferiores nunha cuarta parte, as pensións de dereito directo sono nun 42 %. Elas acostuman percibir menores salarios mesmo cando a función e o tempo de traballo son iguais; traballan máis a tempo parcial e teñen unha vida laboral máis curta, asociada a coidados de fillos e persoas enfermas ou dependentes.

Os compoñentes principais do cálculo das pensións son o salario e a duración da carreira. Así as cousas, só hai que botar contas. ■

Lampedusa... agora si famosa e coñecida


Expresou maravillosamente ben o drama dos inmigrantes afogados por centos nesas dúas beiras do mar Mediterráneo. Os que buscan mellorar a súa vida como poden, en condicións dificilísimas, e unhas autoridades da Comunidade Europea que van a presenteira simulando a súa pena e a súa dor diante dos centos de cadáveres metidos en caixas. A loita pola vida e a hipocrísia; a verdade dunhas vidas asfixiantes e unhas vidas mesquiñas que nadan na abundancia, mentres condenan a milleiros de persoas a esas *lampedusas* e a eses *mediterráneos*. ■

denuncias e comentarios

Algúns libros de recente aparición merecen figurar nas nosas páxinas para que aquelas persoas ás que lles teñan pasado desapercibidos poidan visitalos. É o caso de *Bye Bye Blondie* de Virginie Despentes, a autora de *Teoría King-Kong*, libro do que merece un longo comentario na *Andaina* número 49 (2008). *Bye Bye Blondie* é do 2004, pero publícase agora en castelán nunha acertada decisión de Po.len Ediciones, en coidada presentación e financiada mediante *crowdfunding*.

Incómoda e franca, como sempre, a axitadora, a autora rebelde e moi interesante, trasládanos nesta novela aos oitenta, para contarnos a historia de Gloria, unha *punk* que medra marcada pola adolescencia, sen ser quen de xestionar de xeito acaído a súa ira. A experiencia no psiquiátrico, onde xa non usan os electroshocks pero medican de maneira tal que deixan ko aos pacientes, a crítica do amor romántico ou a organización da sociedade na que se move Gloria, e que asoma a trazos grosos, non han deixar indiferente a quen lea o libro. O amor romántico, o sexo, as súas relacións coa violencia, a ira e a rabia, a sociedade na que vivimos, o fracaso. Unha iracunda e destrutiva —e auto-destrutiva— protagonista que nos obriga a pensar.

Moi diferente é o ton e o libro de Caitlin Moran *Cómo ser mujer* (Anagrama, 2013). Anécdotas, chistes e receitas-respostas. Todo sen pelos na lingua e nun montón de historias embarazosas sobre a vida da autora, a quen criticaron por falar aberta e claramente da



masturbación feminina. Xa sabedes! Un tabú o sexo das mulleres sen macho de por medio. A autora está facendo un guión para adaptar o seu libro ao cine.

Nancy Huston, pola súa parte, unha activista feminista canadense moi polifacética (música, ensaísta, dramaturga e novelista) publicou en 2012 en Francia, onde reside, o libro *Reflejos en el ojo de un hombre* e coa aparición do libro armouse un bo escándalo. Cuestiona nel a estendida idea de que homes e mulleres estamos construídos «xenericamente» e fai valer a importancia de ser mamíferos e o que iso significa. Negar a natureza humana é unha estafa intelectual, di ela. A maternidade e a testosterona son as diferenzas fundamentais e a igualdade chega cando remata a fertilidade e baixa a testosterona. Aí comezamos a ser iguais. Non é parva Nancy Huston e, aínda que así dito parece que estamos sen máis nas teorías bioloxistas..., paga a pena adentarse nas súas reflexións aí que segundo ela mesma di foi allea durante moitos anos. A edición corre a cargo de Galaxia Gutenberg. ■

Por que sendo mulleres a enorme maioría de cociñeiras, os grandes cociñeiros son varóns?

Cando estas actividades se fan na casa un día si e outro tamén, non merecen particular recoñecemento; cando se fan fóra e se lles pon algo de publicidade poden medrar como a espuma. O caso das cociñas e os fogóns é nítido. Como pode ser verdade que sendo elas cociñeiras desde tempos inmemoriais haxa menos cociñeiras famosas que cociñeiros? Estará ben pensar niso sen conformarse con respostas simples. Entrementres aí queda a imaxe e o nome de Claire Smyth, unha irlandesa do norte, que desde os 16 anos adestra na cociña. Debutou nas dos máis afamados. Agora é copropietaria de Gordon Ramsay Londres. A primeira e a única que xestiona no Reino Unido un restaurante de tres estrelas. Ela é unha

cociñeira con identidade propia, non é a cara feminina dun chef famoso. A súa cociña, di, é natural, baseada no produto. Estivo en «Gastronomika» en San Sebastian e foi Elena Arzak quen a presentou. ■



Claire Smyth, primeira pola esquerda

Ollando os recortes sanitarios con gafas de xénero

ANA LUÍSA BOUZA

Cando falamos do nesgo de xénero nas políticas públicas é polo convencemento de que evidencian desigualdades que prexudican polo xeral ás mulleres, que podemos combater mellor dende a información completa e transparente; o convencemento de que o sexo é unha variable imprescindible para definir prioridades, moi nomeadamente nas políticas sociais entre as que está a sanidade. En decembro de 2009 o PP, na Xunta, eliminou a desagregación por sexo na información sobre listas de espera sanitarias que viña de ser incorporada polo goberno de coalición PSOE-BNG. Habitualmente esta información segregada non se proporciona porque non se coñece, pero non é así neste caso. Continuouse a recoller en orixe, pero eliminouse a súa publicación. Por que? Nos varios debates que se produciron no Parlamento reclamando esa información, tanto a daquela conselleira de Sanidade e hoxe secretaria de Estado de Sanidade, Pilar Farjas, como a daquela xerente do SERGAS e hoxe conselleira, Rocío Mosquera, argumentaban o innecesario e irrelevante do dato


e aseguraban que o Servizo Galego de Saúde atendía por igual a mulleres e a homes. Pero non era así.

No último dato desagregado que coñecemos, setembro de 2009, nas listas de espera cirúrxica aparecían 16.884 homes e 19.361 mulleres, case que 2500 máis. Nas listas de primeiras consultas, o mesmo mes esperaban 79.341 homes cunha media de 64 días de espera e 15.1920 mulleres, con 88 días de espera media. Unha diferenza marcada non só polas mulleres agardando unha cita xinecolóxica, senón por un número maior de mulleres esperando en case que todas as especialidades como cirurxía xeral ou neuroloxía. Así que o resultado da atención prestada polo SERGAS non era igual para homes que para mulleres, e a diferenza é desigualdade, porque non se corresponde coa realidade demográfica. O instrumento da información segregada por sexo visibilizaba esta realidade e permitía ao goberno orientar recursos para resolver a discriminación observada. Pero o PP preferiu ocultala no lugar de resolvela. Malia a ocultación descarada da infor-

mación, podemos aínda calcular aproximadamente como as medidas tomadas nos últimos anos aumentan a fenda de xénero na sanidade galega, nalgúns casos de xeito directo, noutras ocasións máis ocultas.

Entre 2009 e 2012 produciuse un continuo recorte de recursos específicos de atención á saúde das mulleres.

Desapareceron parte das unidades móbiles do programa de cribado do cancro de mama. Estes autobuses equipados con mamógrafos percorrían os concellos galegos e levaban a prevención aos concellos, preto das mulleres. Era un programa moi adecuado á dispersión poboacional galega, que proporcionaba cifras de adherencia moi boas. O principal motivo que se alegou para a súa eliminación foi o obsoleto dos mamógrafos instalados nos autobuses. Uns meses despois, o persoal do hospital de Monforte conseguiu evitar, pola denuncia pública, a instalación dun destes mamógrafos desbotados, no propio hospital, para realizar o cribado. Agora son as mulleres as que se desprazan aos hospitais comarcais para facer



as mamografías. Aínda está sen medir o impacto que este cambio ten no seguimento do programa. Poderán manter os magníficos datos de 2011 do 76,8 % de adherencia global e do 93 % consecutiva, do 99 % de satisfacción das usuarias? En 2012, xa sen unidades móbiles, estes datos incluso melloran, polo grande esforzo realizado pola Xunta poñendo transporte gratuíto e insistindo cunha segunda convocatoria ás mulleres que non atenden á primeira. A pregunta é se unha vez escurecido o foco mediático, o esforzo se vai relaxar. Hai uns días (outubro de 2013), no concello de Ponteareas, con máis de 23.000 habitantes, denunciábase que até o centro onde se atopa o mamógrafo que lles corresponde non hai transporte público, menos aínda gratuíto e algunhas mulleres desisten de acudir á cita.

A pílula postcoital foi tema de controversia. O PP galego entrou no debate dos supostos efectos secundarios que a facían perigosa para a dispensa sen receita. O criterio da oms considéraa «moi segura, non causa abortos nin dana a fertilidade futura, con leves e infrecuen-

tes efectos secundarios» que no fundamental consisten en irregularidades menstruais que dificultan a contracepción. Non causa danos nin á nai nin ao feto en caso de consumo após a confirmación do embarazo, polo tanto non é abortiva. Esta falta de contraindicacións médicas que informa a oms, indica o carácter ideolóxico do debate, máis cando os datos mostran como a súa distribución sen trabas coincide cunha diminución das ive practicadas. Tentouse primeiro eliminala da dispensa gratuíta nos Centros de Saúde, impedir logo a liberalización da venda en farmacias. A situación actual resulta un pouco contradictoria, ao tempo dispénsase sen subvención (nin receita) en farmacias e tamén está a disposición gratuitamente nos centros de saúde. Profesionais de primaria perciben menor demanda, suponse que se está a trasladar á venda en oficinas de farmacia. A Sociedade Española de Contracepción indica que en 2013 se obtiveron en farmacia o 47,3 % (33,9 % en 2011) o 18 % en atención primaria e o 18 % nas urxencias. Así que moitas mulleres

están a pagar por un fármaco que poderían conseguir de balde. Non vai iso contra a lóxica dos tempos? Non indica falta de información?

Con menos aparato mediático produciuse a eliminación das revisións xinecolóxicas na atención especializada. As listas de espera de xinecoloxía estaban moi disparadas, as revisións programadas ocupaban gran parte dos horarios do persoal facultativo e precisábanse máis recursos para dar atención ás primeiras consultas procedentes de primaria. Adoptouse a solución salomónica de reasignar este programa de prevención aos Centros de Saúde con cero persoal e cero recursos. Efectivamente a lista de espera rebaixouse, de 40.541 mulleres que agardaban por primeira consulta xinecolóxica en setembro de 2008 e 42.056 no mesmo mes de 2009, pasouse a 20.335 en 2010 e 20.417 en 2011. Menos da metade de espera, pero esas mulleres non foron atendidas, foron simplemente borradas da lista. Nominalmente o programa continúa, a situación actual non é resultado dun debate científico sobre o custe-efectivi-

dade das revisións anuais, senón que se traslada o *problema* a un espazo sen cobertura informativa.

Unha ollada de xénero ao Real Decreto 16/2012 que popularmente denominamos *medicamentazo*, permítenos ver como as súas medidas de recorte afectaron de xeito especial á saúde, á economía e aos dereitos das mulleres. Supón a expulsión do sistema sanitario de persoas residentes non regularizadas, de persoas inmigrantes que realizan traballos domésticos e de coidado ou no sector servizos, precarizadas e na economía informal, son o principal colectivo afectado e son, maioritariamente, mulleres. Malia o anuncio de que estas exclusións do sistema non afectaban ao coidado de embarazo, parto e atención pediátrica, ONG como Médicos do Mundo teñen denunciado que se está a rexeitar en centros públicos atender partos sen tarxeta sanitaria.

A eliminación do financiamento público de numerosos fármacos para a atención de doenzas leves e o maior repago para os financiados, aféctanos máis ao sermos maiores consumidoras.

O seu efecto nos salarios reais de pensionistas é máis duro coas viúvas que perciben as máis baixas pensións contributivas. A continua eliminación de servizos da carteira básica afectará á IVE, tratamentos de fertilidade, ligaduras de trompas... Xa estamos a escoitar á ministra Mato que son prestacións destinadas a reducirse a determinadas situacións.

Ademais de ser a ferramenta principal de construción da saúde da poboación, a sanidade pública galega é un espazo de creación de emprego. En xaneiro de 2013, segundo o IGE, a sanidade galega empregaba a máis de 33.000 persoas, das que 25.000 eran mulleres, o 74,9 % do seu persoal. O sector máis feminizado do emprego en Galiza, e que constitúe o 5 % das afiliacións femininas galegas á ss. O empeoramento das condicións laborais en salario, horarios e condicións, a taxa limitada de reposición... que se están a producir no sector público autonómico afecta polo tanto a máis mulleres que homes.

Os recortes estanse a cebar na medicina preventiva e nos labores de coi-

dado de crónicos, tanto en financiamento de fármacos como en recursos asistenciais e educativos. Cando o *SER-GAS* fala de ampliar a hospitalización a domicilio pero non incorpora novos recursos que a soporten, está realmente poñendo ás mulleres a coidar gratis a estas persoas antes hospitalizadas. Nunha sociedade cun reparto de roles de xénero que adxudica ás mulleres o rol de coidadoras, os recortes destes programas obrigan ás familias (traducido, ás mulleres) a asumir máis intensamente ese papel de coidadoras.

Finalmente, a ameaza de cambio da lei do aborto, a día de hoxe sen concretar, simboliza os efectos deste cambio de paradigma sanitario na vida das mulleres: recorte de dereitos de cidadanía, desprezo pola saúde pública, visión das cidadás como clientes e dos servizos públicos como negocio. Unha visión de xénero que faría variar as políticas dun Goberno responsable, fornécenos de argumentos para reclamar outra política sanitaria. Tamén en sanidade o corpo das mulleres é un campo de batalla. ■



O clítoris

Unha historia por contar

MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ
MARÍA VICTORIA CARRERA FERNÁNDEZ
YOLANDA RODRÍGUEZ CASTRO

Universidade de Vigo, Facultade de
Ciencias da Educación de Ourense

Ilustradora:
M. ELIZABETH RODRÍGUEZ


Introdución

A vida do clítoris sempre estivo marcada polo silencio, a ocultación e a violencia. Xa desde a antigüidade foron moitas as persoas que tentaron invisibilizalo, especialmente *agachar* a importante función que desempeña no corpo das mulleres.

Pero empecemos por identificar a orixe do seu nome. A palabra clítoris provén da palabra grega *kleitoris*, que significa 'pequeno monte'. É o único órgano que posúen as mulleres dedicado de maneira total ao seu pracer sexual e está formado por miles de terminacións nerviosas e vasos sanguíneos, desempeñando a mesma función que o pene nos homes, aínda que, a diferenza deste, o clítoris non participa do proceso reprodutivo, é dicir, está única e exclusivamente dedicado ao pracer sexual da muller.

Seguindo estas investigacións parece que a primeira vez que foi nomeado nun tratado médico foi no século xvi, aínda que ninguén o sabe con total certeza. O profesor de cirurxía Mateo Relando Colombo, que traballou na Universidade de Padua (Italia), falou do clítoris no seu libro *De re anatomica*, publicado no ano 1559. Pero foi o seu mentor, Andreas Vesalius, estudoso dos órganos reprodutores femininos, quen alcanzou maior fama, caendo no esquecemento o descubrimento de Colombo. Pese a isto, dise sen moita precisión que a medicina coñecía a existencia do clítoris desde o século II d. C., ao ser nomeado e identificado polo médico Rufo de Éfeso. Pero será finalmente en 1844, cando o anatomista alemán George Covel non só o *re-descubre*, senón que publica excelentes debuxos que, a principios do século xx,

serán incluídos nos máis representativos libros de anatomía, concretamente no destacado manual *Gray's Anatomy*. En 1865, nun momento no que o clítoris representaba a esencia de todo mal, incluso a *marca do demo*, Baker Brown, presidente da British Medical Society, destacou que a masturbación feminina era orixe de enfermidades e desviacións, podendo provocar cegueira, desequilibrio mental, histeria, epilepsia, demencia e mesmo morte prematura, recomendando a extirpación do clítoris como principal método de prevención. Práctica que, aínda que foi cuestionada por moitos dos seus colegas, derivou na mutilación de moitas mulleres até a segunda década do pasado século xx. Misteriosamente, en 1948, desaparecen da *Gray's Anatomy* os datos e debuxos que foran incluídos sobre o clítoris un século antes.



O clítoris e as súas partes

Anos máis tarde, na década dos sesenta, foi estudado polo famoso xinecólogo William H. Masters e pola psicóloga Virginia E. Johnson, coñecidos como Masters e Johnson, que destacaron de novo a importante función do clítoris dedicada de maneira total ao pracer sexual da muller. Con todo, e a pesar dos grandes esforzos e redescubrimentos de coñecidos e reputados especialistas da época, fai tan só catro décadas, nos setenta, o nome do clítoris non só era considerado ofensivo nos medios de comunicación, senón que se converteu nunha palabra tabú, especialmente nalgúns países.

Actualmente, segue estando invisibilizado, fálase pouco ou nada del, e cando se trata a educación sexual na escola óbvíase en gran medida a súa existencia—invisibilizado nos libros de texto— ao non formar parte do sistema *reprodutor*, o que podería considerarse como un acto de «ablación» ou «extirpación cognitiva» do clítoris (Barragán, 1991; Lameiras e Carrera, 2009). En definitiva, a historia da vida do clítoris está marcada pola ocultación e o maltrato, sempre relegado pola vaxina, órgano involucrado na reprodución, que tradicionalmente se equiparou ao pene no seu papel na sexualidade feminina, impedindo, deste xeito, que as

mulleres puidesen gozar dunha parte do seu corpo tan importante para o seu pracer.

O clítoris: a súa estrutura

Tradicionalmente diferéncianse no clítoris dúas grandes partes: glande e corpo ou tronco. O **glande** constitúe un pequeno botón no que se acumulan miles de terminacións nerviosas que vehiculizan o pracer sexual. Aínda que pareza imposible, ten case máis do dobre de terminacións nerviosas que o pene sendo moito máis pequeno, o que o dota dunha gran capacidade para proporcionar pracer á muller, sendo, sen dúbida, a parte máis sensible do corpo humano, que só as mulleres posúen. Poderíamos dicir que o clítoris é un potente, prezado e insubstituíble *botón* dedicado ao pracer feminino. Esta parte do clítoris, única visible do seu corpo, é unha zona moi sensible que adoita estar cuberta parcialmente polo capuchón ou prepucio, formado pola conxunción dos beizos maiores e menores. Aínda que é posible que cando a muller está excitada o tamaño do glande aumenta tanto que asome entre os pregues dos beizos menores.

Por outra banda, o **tronco**, tamén coñecido como talo ou corpo, ten forma de cilindro e está formado por dúas

estruturas ou corpos cavernosos que están unidos e que se prolongan até o óso púbico. Esta parte pódese percibir colocando os dedos por baixo do glande e movéndoo de dereita a esquerda; deste xeito, a través do tacto, séntese unha especie de cordón redondo e non moi recto que se move ao calcalo, resultando a estimulación nesta zona moi pracenteira. No seu final, o tronco divídese en dous tramos, correspondentes ás dúas estruturas que o conforman, coñecidas co nome de **raíces**. As raíces son unhas longas e delgadas bandas de tecido eréctil que se estenden desde o talo ao longo dos dous ósos que forman a pube e que envolven a uretra e a vaxina, estendéndose até a zona situada entre o inicio da vaxina e o recto.

Por outra banda, á beira de cada unha das raíces áchase unha zona bulbosa de tecido eréctil, coñecida como **bulbos do clítoris**. Helen O'Connell, xefa do departamento de uroloxía do Royal Melbourne Hospital (Australia), é a única persoa que estudou a anatomía deste órgano empregando á medicina moderna, concretamente á resonancia magnética e á disección da vulva de mulleres falecidas. Comprobou que a anatomía dos bulbos foi presentada de maneira errónea nos distintos manuais de anatomía existentes, destacan-

do que os bulbos do clítoris son bastante máis grandes do que se pensaba e están altamente vascularizados, rodeando por ambos lados a uretra e as paredes vexinais, situándose directamente baixo a súa mucosa, de modo que no seu interior son como unha esponxa que se enche de sangue durante a excitación, podendo chegar a triplicar o seu tamaño, do mesmo xeito que o fan os corpos cavernosos do pene. De maneira que, contrariamente ao que podería pensarse, o terzo máis externo da vexina está constituído en parte polo tecido esponxoso dos bulbos do clítoris, o que explica que esta sexa a súa parte máis sensible.

Así, o que a maioría das persoas chamamos clítoris non é máis que unha pequena parte deste órgano: o glande. Con todo, e como acabamos de comentar, o clítoris constitúe un órgano complexo, intrincado de nervios e vasos sanguíneos, con grandes partes invisibles que se prolongan no interior do corpo feminino, formando unha pirámide de tecido eréctil dedicado completamente ao pracer. Alcanza unha lonxitude total de entre 9 e 10 centímetros e unha anchura de 6, variable en función da muller e dos seus niveis hormonais. Non obstante, hai que matizar que o seu tamaño non exerce nin condiciona, en ningunha medida, a sensibilidade ou a capacidade para obter pracer. Como xa se dixo, a diferenza do que moitos pensan, é o clítoris e non a vexina o homólogo do pene. De feito, ambos os dous proceden da mesma estrutura embrionaria, diferenciándose unicamente en dous aspectos: en primeiro lugar que a diferenza do pene, a uretra non pasa a través do clítoris; e en segundo, que mentres que o pene está implicado no mecanismo reprodutivo, o clítoris *traballa* de maneira exclusiva a favor do pracer feminino.

Ademais, outra importante cuestión que se desprende destes datos sobre a anatomía do clítoris é que non existen dous tipos de orgasmo, vexinal e clitorico («maduro» e «infantil»), como respectivamente lles chamou Freud, o pai


da psicanálise), senón que só existe un único tipo de orgasmo, derivado da estimulación directa ou indirecta do clítoris, ao estenderse as súas terminacións nerviosas até o interior da vexina.

As prácticas de agresión contra o clítoris


Especial atención merecen certos costumes que se exerceron sobre o clítoris e, en consecuencia, sobre a sexualidade feminina cun impacto moi negativo. En determinadas culturas africanas, asiáticas e sudamericanas realízanse unha serie de prácticas que se coñecen co nome de ablación (mutilación total ou parcial do clítoris e dos órganos sexuais externos femininos). Prácticas, ás que son sometidas as nenas a unha idade moi temperá, consideradas parte dun ritual de iniciación á puberdade e realizadas co obxectivo de evitar que as adolescentes e mozas descubran o pracer sexual e o orgasmo, garantindo así a súa virxindade e castidade até o matrimonio, e asegurando a súa fidelidade durante o mesmo.

A ablación do clítoris practícase actualmente en máis da metade do continente africano, tamén en certos países asiáticos e, puntualmente, nalgúns países suramericanos, tales como Colombia ou Perú. A Organización Mundial da Saúde (OMS) estima (datos de 2012) que a mutilación feminina afecta a 140 millóns de nenas e mulleres no mundo, considerando que anualmente un total de tres millóns de nenas corren o risco de sufrirla. Co obxectivo de sensibilizar sobre esta práctica que constitúe unha brutal violación dos dereitos humanos de nenas e mulleres, a OMS vén de propoñer o día 6 de febreiro como o Día Internacional da Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina.

Estas prácticas teñen tamén lugar de forma illada en comunidades de emigrantes establecidas en países industrializados. En España a realización destas prácticas foi constatada polo colectivo docente, alarmado polas queixas das nenas inmigrantes nas escolas, sometidas ou ameazadas polas súas familias



Ablación ou *sunna*



Infibulación ou *circuncisión faraónica*

[...] a ablación do clítoris é a práctica médica máis estendida cando unha persoa nace cunha hipertrofia de clítoris, é dicir, cun clítoris demasiado grande segundo o criterio médico, o que sucede nalgunhas persoas intersexuadas [...]

con este tipo de intervencións; así como polo Defensor do Pobo, alertado polos centros sanitarios. Co obxectivo de erradicar esta situación, o goberno de España aprobou en xullo de 2005 unha lei orgánica que permite perseguir extra-territorialmente a ablación feminina, outorgando ás xuízas e xuíces a capacidade de emprender accións legais contra os que practiquen esta agresión, aínda cando teña lugar fóra das fronteiras españolas. Neste senso, recentemente, en outubro de 2012, se pronunciou o Tribunal Supremo que confirma na súa sentenza, a condena por delitos de lesións e de mutilación xenital a uns pais subsaharianos residentes en España que practicaron a ablación do clítoris a súa filla cando a nena contaba con menos dun ano de idade.

As dúas formas de mutilación xenital feminina que persisten aínda na actualidade son a *ablación* ou *sunna* e a *infi-bulación* ou *circuncisión faraónica*: ámbalas dúas realízanse de maneira habitual sen anestesia e por medios caseiros e tradicionais. A primeira delas consiste na mutilación parcial ou total do clítoris. A segunda é aínda máis agresiva, producindo unha forte dor á vítima e provocando situacións de extrema gravidade nas que a vida da nena corre perigo, con resultado de morte en non poucas ocasións. Nesta segunda práctica elimínase totalmente o clítoris, xunto cos beizos menores e maiores que, posteriormente, son cosidos e selados con arame, fibras vexetais ou sedela de pescar, pechando totalmente a vaxina, e deixando un pequeno oco para poder ouriñar, impedindo que a nena poida camiñar de maneira normal e carrexándolle na súa mocidade fortes dores cando mantén relacións sexuais.

Con todo, non debemos quedarnos coa idea de que nos países occidentais, supostamente desenvolvidos, esta práctica tan violenta, que atenta contra os dereitos fundamentais das nenas e mulleres, só se produce de maneira puntual e marxinal nas comunidades emigrantes. Esta idea estaría a ocultar unha realidade non menos intolerable: que a

ablación do clítoris é a práctica médica máis estendida cando unha persoa nace cunha hipertrofia de clítoris, é dicir, cun clítoris *demasiado grande* segundo o criterio médico, o que sucede nalgunhas persoas intersexuadas (aquelas que nacen con características sexuais femininas e masculinas que non permiten encadralas inmediatamente ao nacer como nenas ou nenos). Esta intervención —que se xustifica baixo o precepto de dar a esa persoa unha identidade lexitimada e recoñecida pola sociedade, negando o dereito a ser recoñecidas todas as identidades como lexitimas— consistente en *recortar o clítoris da nena* co obxectivo de que non pareza un pene, denomínase en occidente *clitoridectomía*, termo politicamente máis correcto e socialmente máis aceptable que o de *ablación*. Tal intervención permítelle á comunidade médica, a través das modernas técnicas cirúrxicas, desligarse das aberrantes prácticas das culturas non occidentais subdesenvolvidas que, sen embargo, non fan máis que avalar e reproducir as normas sociais sobre o sexo e o xénero. Prácticas, ás que Anne Fausto-Sterling (2006) se ten referido como «calzador cirúrxico», pois se orientan fundamentalmente a «forzar» os corpos «ambiguos» aos dous compartimentos excluíntes que lexitima a sociedade occidental (muller/home). Non obstante, os resultados para as mulleres poden ser os mesmos que os producidos pola ablación: fortes dores e incapacidade de gozar do pracer sexual durante toda a súa vida, converténdoa en persoas ás que lles mutilaron partes do seu corpo, que comprometen a súa capacidade de gozar do pracer sexual. E aínda máis importante, en persoas ás que se lles trata de impor unha identidade de xénero concreta, negando a súa liberdade e subxectividade individual para ser e posicionarse como suxeito sexuado de dereitos.

O clítoris e os seus praceres

Cando unha muller se atopa excitada sexualmente, o sangue propágase polo tecido eréctil do clítoris. O seu

corpo ponse en erección e o seu glande e os bulbos aumentan de maneira moi considerable de tamaño. Prodúcese así unha reacción en cadea, de modo que o tecido eréctil do interior dos beizos menores e maiores tamén se dilata e endurece, podendo triplicar o seu tamaño orixinal; e a vaxina ensánchase e dilátase. Os xenitais externos e a vaxina humedécense, grazas á acción das glándulas de Bartholin e das glándulas uretrais e parauretrais.

Como consecuencia desta excitación se segregan no cerebro substancias químicas que fan que aumente a sensación de benestar e o corazón palpita máis apresa. Cando a estimulación sexual é continua os músculos do chan pélvico contráense terminando en contraccións involuntarias doutros grupos musculares e nun maior aumento do ritmo respiratorio, cardíaco e da presión sanguínea. Isto é o que se coñece como orgasmo, durante o cal miles de hormonas e substancias químicas do *pracer* son liberadas no torrente sanguíneo. Inmediatamente despois desta intensa sensación, as mulleres, a diferenza dos homes que teñen período refractario, poden continuar estimulándose e son capaces de obter varios orgasmos sen ter que esperar un período de *recuperación* como ocorre nos homes. Esta capacidade de poder experimentar orgasmos múltiples é exclusiva das mulleres. En calquera caso, as sensacións subxectivas que se experimentan poden variar moito en función das persoas, as experiencias ou os momentos vitais que atravesan. Polo que non hai unha, senón infinitas formas de experimentar o pracer e o orgasmo para cada muller e tamén, como non, para cada home.

Pero fronte as extraordinarias potencialidades do clítoris para o pracer non podemos esquecer que o cerebro é o grande órgano sexual por excelencia; así, fantasear con situacións de contido erótico pode provocar unha grande excitación sexual, mesmo maior que calquera masaxe, fricción ou estimulación directa ou indirecta dos órganos con

maior receptividade erótica, como son o glande do clítoris e o glande do pene. Así mesmo, o corpo humano ten numerosas zonas eróxicas, pero por encima de todo hai que recoñecer que todo o corpo é susceptible de eroxenización, sendo toda **a pel o maior órgano sexual do que dispoñemos as persoas**. Recoñecer esta extraordinaria capacidade dos corpos humanos é aínda unha materia pendente nas sociedades do século XXI.

Dignificación e visibilización do clítoris: unha educación sexual que aínda é posible

Relatar, aínda que sexa brevemente, a historia deste pequeno grande órgano que é o clítoris constitúe xa unha práctica subversiva que, esperamos, contribúa a súa dignificación e visibilización. Visibilización que supón, como non podería ser doutro modo, a dignificación e lexitimación da sexualidade das mulleres e, en definitiva, un paso máis cara á igualdade de xénero. Neste sentido, é necesario destacar a urxencia dunha educación sexual integral que, máis aló dos riscos derivados da práctica sexual, se oriente á dimensión identitaria e relacional da sexualidade e se converta, necesariamente, nunha ferramenta de loita pola igualdade e pola promoción da diversidade sexual. Unha educación sexual, que nos permita non só denunciar o abuso que tradicionalmente teñen sufrido as mulleres e as minorías sexuais, visibilizando as súas realidades, senón que nun acto de empoderamento destes colectivos e da sociedade en xeral nos permita transgredir o *status quo* erixido sobre as rixidas normas de xénero. ■

Bibliografía

- BARRAGÁN, F.: «Educación sexual imposible: ¿Aprender a ser felices?», *Investigación en la Escuela*, núm. 14 (1991), pp. 87-96.
- FAUSTO-STERLING, A.: *Cuerpos sexuados. La política de género y la construcción de la sexualidad*, Barcelona, Melusina, 2006 (primera edición, 2000).
- LAMEIRAS, M., e M. V. CARRERA: *Educación sexual: De la teoría a la práctica*, Madrid, Pirámide, 2009.
- MASTERS, W. H., e V. E. JOHNSON: *Respuesta sexual humana*, Buenos Aires, Editorial Interamericana, 1981 (primeira edición, 1966).
- O'CONNELL, E., K. SANJEEVAN, e J. S. HUTTON: «Anatomy of the Clitoris», *The Journal of Urology*, núm. 174 (2005), pp. 1189-1195.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE LA SALUD: «Mutilación genital femenina», nota de prensa núm. 241 (2012), recuperado de: <http://www.who.int/mediacentre/factsheets/fs241/es/index.html>.

Este artigo ganou o I Premio de Creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo «Antonia Ferrín Moreiras» neste ano 2013.

Entrevista a

María Teresa Gómez Louzao

NANINA SANTOS E LAURA GÓMEZ LORENZO


A: Por que solicitaches facer as prácticas en *Andaina*?
De que nos coñecías?

MTGL: Coñecía *Andaina* como revista. Sobre todo coñecía o seu traballo en relación ao tema da prostitución, pero non reparara nela como unha posibilidade para as miñas prácticas. Eu estaba a facer un máster en Xestión de Organizacións Non Lucrativas e buscaba unha entidade sen ánimo de lucro, onde poder traballar en actividades culturais e de sensibilización social a favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, dando difusión a novas ideas e compromisos políticos. Foi a través de Saleta de Salvador Agra, membro do consello redacción, antiga compañeira da Facultade de Filosofía e amiga, que entro en contacto con *Andaina*. Ela, sabedora da miña busca, propúxome que fixera as prácticas alí. Faloume do MUFEST, o Festival de Cine Feito por Mulleres, que tivera a súa primeira edición no 2009 e ao que *Andaina* quería dar continuidade. A ela pareceulle que eu podía facer un bo labor de coordinación do evento e que, ao mesmo tempo, podería ser unha experiencia interesante para min. Pareceume apaixonante o proxecto. Pensando en que en todo o Estado só había dous festivais especificamente de mulleres, asentar o terceiro na Galiza parecíame

un reto fascinante. Máis aínda, cando souben da cantidade e calidade de filmes que chegaran na primeira edición. Entón fíxoseme evidente a necesidade de espazos, como o que proporcionou o MUFEST, para dar a coñecer os traballos das directoras, produtoras e guionistas nun eido no que o teito de cristal está ben presente.

A: Elixes colaborar nunha organización feminista.
Que ideas tiñas sobre feminismo?

MTGL: Como acabo de explicar, o meu comezo en *Andaina* ten que ver cun proxecto concreto, o MUFEST. Así que como ben dis, elixo «colaborar» nunha organización feminista, pero non formar parte ou, digámolo así, militar. E quero facer fincapé neste feito. O meu feminismo foise configurando desde moi nova a través das miñas experiencias, da observación da realidade, das lecturas, das conversas, de beber de aquí e de alá, como nos ocorre, máis ou menos, a todas. Pero nunca tiven a necesidade de enmarcar a miña ideoloxía nin as miñas accións nunha organización concreta. En min sempre houbo unha consciencia do devir do pensamento, de que as *verdades* son óptimas para un momento e un lugar determinado. Convicción que fun afianzando durante os meus estudos de filosofía



e antropoloxía socio-cultural. Penso que se está máis predisposta ao cambio, á evolución do pensamento, canto menos se estea atada a unha organización. Nas experiencias previas que tivera ao achegarme a outras organizacións desencantárame o dogmatismo imperante e, inda que entendo que pode servir para facer duradeiros os proxectos, sempre me inspirou receo iso de *militar*.

Entendo que unha organización, para que funcione, ten que ter unha misión, uns principios e valores ben asentados, que non poden estar variando a cada pouco. Tamén son consciente de que hai unhas organizacións máis flexibles que outras, mais sempre fuxín da militancia nunha organización concreta, para manter a miña independencia e porque nunca me identifiquei totalmente con ningunha..

Así que co tempo, reafirmei esta postura, manténdome na idea de que tiña que sentirme libre para exercer ese duro pensar contra unha mesma que é a filosofía, que tiña que romper ósos na miña cabeza e cuestionar toda lei de existencia, se me permitides que parafrasee aquí a filósofos como Sartre ou Castoriadis.

Polo que, seguindo na miña liña, de apoiar e defender aquelas ideas coas que concordo pero sen ir máis alá,

entrei en *Andaina* para encargarme da organización do MUFEST. Ben é certo que, no transcurso do tempo creo que realmente me volví unha militante de *Andaina*. Pois *Andaina* é unha organización en permanente diálogo coa realidade, en permanente aprendizaxe e nada dogmática, e aquí atopei o meu sitio.

A: Que expectativas tiñas antes de entrar? Cumpríronse?

MTGL: En principio non esperaba nada en concreto, non son persoa que se faga ilusións ou expectativas nin son moito de preconceitos. Pero xa contaba con certa información, digamos, *privilexiada*. Sabía que ía traballar cuns medios moi limitados, nun ambiente pouco formalizado e pouco xerarquizado, algo que me producía certas inquietudes.

Hai que pensar que a miña función era organizar a segunda edición do MUFEST, algo que implicaba un nivel de planificación e coordinación moi grande, moito máis do acostumado en *Andaina*. A primeira edición, fora unha tentativa, cun formato máis preto da exhibición, e na segunda edición o obxectivo que se pretendía era consolidar o MUFEST como un Festival de Cine. Implicaba tamén relacionármonos con medios de comunicación, coa Administración, con outras entidades cultu-

rais, etc., que si están moi formalizadas e esperaban que *Andaina* funcionase dun xeito similar, coas súas áreas de traballo ben delimitadas, cunhas responsables por parte de cada unha desas áreas, seguindo un protocolo de actuación ben definido.

Ao principio, todo me parecía un pouco caótico, sen rumbo, traballando un pouco por impulso, pero creo que non estaba observando desde a perspectiva adecuada. Eu, persoa organizada onde as haxa, estaba a ver todo desde o meu concepto de orde. Como dicía Aristóteles «é propio do sabio ordenar», pero, claro, o concepto de orde depende de cada sabia ou sabio.

A verdade é que foi para min unha experiencia moi enriquecedora. Ter que traballar cuns medios tan escasos fai que tires do enxeño e da creatividade, e traballar nun ambiente tan pouco formalizado axúdache a flexibilizar e a adaptarte aos diferentes contextos. Algo que a min me facía falla. Por outra banda, penso que tamén puxen o meu gran de area e fixen as miñas contribucións.



Ter que traballar cuns medios tan escasos fai que tires do enxeño e da creatividade, e traballar nun ambiente tan pouco formalizado axúdache a flexibilizar e a adaptarte aos diferentes contextos

A: O éxito da segunda e da terceira edicións do MUFEST ten moito que ver contigo, coa túa capacidade de organización e planificación. Como cres que somos quen de sacar a revista ou facer o MUFEST con este estilo noso?

MTGL: Pois, mira, eu que son atea desde ben pequeniña, estou empezando a crer nas milagres divinas. Non, en serio. Creo que o consello de redacción de *Andaina* está formado por mulleres de moito talento, intelixencia, sabedoría, experiencia e creatividade. E hai un *todas a unha* increíble. Todo isto é o que fai que cuns recursos económicos e materiais escasos e cuns recursos humanos limitados en canto a número de persoas e a tempo de dedicación, se logren facer cousas como o MUFEST, se sigan publicando dous números ao ano, sigamos participando en foros, plataformas, etc., fagamos activismo e moitas outras cousas máis.

Creo que en *Andaina* trabállase con grande eficiencia, porque con poucos recursos fanse moitas cousas, pero sempre penso que podemos facer máis. Hai moito potencial. Pero tamén hai que ser realistas. Hai que pensar que é unha organización autoxestionada, que non conta con axuda pública. Conta con escasísimos recursos económicos sacados case exclusivamente das aportacións das subscritoras e subscritores, socias e socios. *Andaina* sempre contou cun equipo de mulleres que traballaron gratuitamente e combinando as súas obrigas en *Andaina* coas súas vidas. Pero, insisto, a pesar do limitado dos recursos fixéronse moitas cousas e lévanse facendo, nada máis e nada menos que desde o ano 1983.

A: Nas organizacións acostuma haber relacións de poder, de xerarquía, de estatus, que percibiches sobre isto en *Andaina*?

MTGL: Pois non atopei nada disto. É unha das razóns polas que sigo en *Andaina*. Para min é moi sorprendente comprobar como pode existir, sen quebrarse en ningún momento, unha sintonía entre todas as mulleres do equipo. Hai sempre unha vontade de entender o que di a outra, de ir evolucionando no debate coas compañeiras, de ir creando un discurso entre todas. En definitiva, vontade de aprender.

Pero esta actitude non só se dá de xeito interno, dunhas compañeiras coas outras. É unha actitude que define á *Andaina* e a cada unha das integrantes para co resto dos movementos feministas ou doutra índole. Sempre se buscan as sinerxías, a colaboración, un *sacar as cousas para adiante*. Nunca vin a ninguén na actitude de *me quiero llevar la perra gorda*, por pura egolatría, senón, en todo caso, defender con aseveración, paixón e bos argumentos a súa posición.

En *Andaina* ninguén ten máis poder ou autoridade por ser quen sexa ou por levar máis tempo. A autoridade está nos argumentos que cada unha de nós esgrime. É algo que me chamou a atención enseguida de entrar. As miñas ideas non se miraban con receo, senón que eran ben acollidas ao momento se eran boas, e eran traballadas entre todas se eran mellorables.

A: En relación a isto, en *Andaina* hai un grupo interxeracional, como ves as relacións entre as persoas de distintas franxas de idade?

MTGL: Hai unha gran consciencia do enriquecedor que é poder contar cun equipo de traballo interxeracional. As relacións son in mellorables, tanto no terreo persoal como, digamos, no intelectual ou á hora de organizármolos. Vamos! en todas as dimensións. Sacámoslle moito partido ao intercambio de experiencias e coñecementos. Aprendemos unhas das outras. As máis novas medramos cos coñecementos e experiencias atesourados polas máis maiores e elas a través das máis novas están permanentemente actualizadas e ao tanto das novas tendencias. Isto proporciona un grande equilibrio.

A: Como te sentiches acollida e tratada?

MTGL: Tiven unha boa acollida, no persoal, pero sen *manual de acollida*. Cada día era un novo descubrimento. Tiven que ir coñecendo *Andaina* pouco a pouco, información de alí, información de alá. É o que pasa cando entras nunha organización de tan longa traxectoria que está máis ocupada en participar e rexistrar os acontecementos que en facer a súa propia historia, e cando as súas integrantes padecen dunha modestia tan

endémica que só consegues coñecer os grandes fitos do feminismo da Galiza e de España, dos que foron participes, en conversacións marxinais entre asunto e asunto. Hai pouco tiven o pracer, porque o fixen con pracer, de tentar poñer orde no arquivo de AGM e de *Andaina* e foi cando realmente comprendín a súa grandeza.

En definitiva, sentínome ben acollida, perfectamente integrada desde o primeiro momento, e ben tratada. E en ningún momento me sentín explotada, pois os estándares e os obxectivos púxenos eu. Creo que só podes permanecer en *Andaina* se te mimetizas co ambiente: tes que ser flexible, con capacidade de resposta e adaptación ao cambio, pero tamén moi responsable coas tarefas das que ti libremente decides facerte cargo, porque ninguén che vai a esixir máis alá das túas posibilidades e potencialidades, pero hai que traballar forte e con frecuencia, *in extremis*.

A: Por que decides continuar cando as túas prácticas rematan?

MTGL: Pois, por todo o que che acabo de contar, que se resume en que por primeira vez atopei unha organización que casaba coa miña forma de ver as cousas, nada dogmática, na que eu encaixaba. Porque me sentín moi acollida e integrada e en sintonía co resto do equipo. Tamén contou un pouco que despois do MUFEST se valorara positivamente o meu traballo e me pedirades que me quedase [risas].

A: Por fin, no 2013 entraches a formar parte do consello de redacción. Chegouche tarde?

MTGL: Comecei as miñas prácticas en *Andaina* en novembro do 2010 e teño que dicir que, ao pouco, xa me sentín incluída no consello de redacción. Sentín que se contaba coa miña opinión e que tiña voz e voto nas decisións que daquela se tiveron que tomar, e concedéuseme un nivel de autonomía e independencia á hora de realizar o meu traballo que me fixo sentir unha igual ao lado das que xa levaban moitos anos.

Supoño que a vosa pregunta se refire ao feito de incluírme, digamos, *de xeito oficial*, na relación de nomes que compoñen o consello de redacción. Ben, até despois das miñas prácticas en febreiro do 2011, cando rematou a segunda edición do MUFEST, penso que é normal que non se me incluíra, pois nin eu mesma podía asegurar que ía continuar en *Andaina*. Pero unha vez que rematan as miñas prácticas e as compañeiras me manifestan que lles gustaría que continuara en *Andaina*, e eu acepto, o lóxico tería sido incluírme de contado.

A estas alturas, teño moi claro o que pasou. E é algo moi das *andainas*: eu estaba alí, contábase comigo, non facía falla máis. ■

Mãe, eu quero ser precária

CLARA DE VARGAS

Muito se está a falar dessa nova classe social, que acordaram em chamar precariado como contraposição do superado e romântico modelo de proletariado post-fordista, como o do italiano Elio Petri em *La classe operaia va in paradiso*.

Mas que é o precariado? É realmente umha classe social? Existia antes produto das condições laborais ou é umha realidade contemporânea consequência da famosa crise do sistema capitalista? Precarização é igual ao jurdimento de precariado?

Hai obras que estão a ser referenciais sobre este tema: *A política do precariado* de Ruy Braga sobre o Brasil e *Chavs* de Owen Jones sobre Inglaterra, nos que podem aportar propostas teóricas elaboradas e documentadas que podem levar à reflexom sobre este fenómeno a partir de umha base teórica e nom do que apresentam os *mass media* cheios de sensacionalismo, questons anedóticas e totalmente superficiais, nas que se dá valor a um sentimentalismo quase caritativo e nom a umha análise racionalista.

Contudo, acho umha profunda fraqueza no trato deste tema, seja qual for



a postura final em quanto à existência ou nom do precariado como classe social. A temporalidade, eventualidade e o empoeiramento das condições do trabalho motivo da crise destes últimos anos afetaram muito mais virulentamente às mulheres operárias do setor serviços, tradicionalmente feminizado e com cotas de temporalidade e eventualidade cada vez mais crescentes. A isto há que somar-lhe, a suba do paro masculino como consequência da crise do tijolo, que levará à saída das mulhe-

res da casa, enchendo este setor, de novo em postos precários e miseráveis devido à sua falta de experiência e qualificação. Mas que hai de novo? Estamos a viver o aparecer de um novo fator na realidade social, ou mais bem isto soa familiar?

As cifras da destruição do trabalho estável arrepiam, enquanto que parece que com o qualificativo da flexibilidade laboral impor nom se sabe que modelo que, segundo dizem, funciona melhor. O setor público está a ver-se afetado por

umha serie de privatizações sistêmicas desde hai anos, mas onde estão as mulheres precárias e como é que muda tanto a sua situação? Som as trabalhadoras da empresa da Universidade de Santiago, serviço já há anos privatizado? Ou som as mulheres que atendem um telefone de ajuda à cidadania de um Ministério, antes centralizado em Madrid e levado por funcionariado?


Assumindo que, tradicionalmente, os salários das mulheres som mais baixos; agora também estamos condenadas a trabalhos nos que a temporalidade se traduziria em reduções de jornada que nom serão reduções de horas mas sim de cotização, ajustamento de salários até sobre passar os limites legais e a enfrontar-nos entre nós no momento de negar-nos a aceitar essas condições? Eu som das que pensa que a história é cíclica, e que estamos, nestes dias, vivendo umha fase nas que convivemos nos mesmos trabalhos as precárias eventuais e as precárias estruturais. As moças que aceitamos ter trabalhos miseráveis sabendo que vai ser só umha fase na nossa vida e as que somos conscientes que essa será a nossa vida laboral a menos que houver um cambio social profundo.

Como a história é cíclica, o processo de precarização também que dá contas a que umha parte do que antes se considerava classe media se introduza na classe operária, com maior incidência nas mulheres, e sem ter em conta que esta cifra seria muito maior porque hai que restar o sangrado de moças que estão a emigrar. Esse é outro debate, mas que é o que define às precárias em quanto a formação, ou em quanto à procedência social inicial? Ou nom há critério? Sexa qual for a resposta a estas perguntas, a conclusão é clara: somos as mulheres as que mais sufrimos o embate da precarização. Pode que a esperança estea nas novas, isso sim, se aturamos a chuva e nom marchamos buscando umha patria menos patria, e á vez, menos hostil. Nom é digna para os osos das suas filhas, patria que nom as mantem. ■



Boys don't cry

Now I would do most anything
To get you back by my side
But I just keep on laughing
Hiding the tears in my eyes
Because boys don't cry
Boys don't cry
Boys don't cry



Diga o que diga a canción de The Cure, os mozos si choran. Fano constantemente na literatura universal, sen vergoña, sen ningún tipo de reparo e por suposto, sen que supoña mingua ningunha na súa virilidade.

Os heroes clásicos derraman abundantes bágoas nas páxinas da literatura grecolatina. Faino Aquiles cando sabe da morte de Patroclo, porque para os gregos a amizade era unha virtude, un verdadeiro ideal. Faino Odiseo cando Calipso non lle permite abandonar a illa, cando encontra a súa nai no Hades e ao pouco de regresar a Ítaca, cando o seu can Argos o reconece e lle demostra así a súa fidelidade. Eneas chora a morte de Creusa, mentres abandona as ruínas de Troia en compañía do seu pai e do seu fillo e, segundo Sófocles, nin o mismísimo Hércules se libra, xa que o heroe non se dá contido ante a terrible dor que experimenta pouco antes de morrer.

En *Quo vadis?*, Nerón recibe a noticia da morte de Petronio cun inconsolable pranto e acorda gardar as súas bágoas nun recipiente de cristal para non esquecer o sufrimento que vén de experimentar.

Se nos achegamos á mitoloxía clásica, tres cuartos do mesmo. O mismísimo deus da guerra, Ares, rompe a chorar cando falece Ascálafo; movido polos sentimentos e a dor, Ares pretende participar na contenda desobedecendo ao mismísimo Zeus que ordenara que ningún dos deuses participase na guerra de Troia. Nin Zeus se libra. Ovidio cóntanos que das bágoas de Apolo xorde a flor do xacinto e das de Narciso a flor do mesmo nome. Garcilaso deixou dito que Apolo regaba coas súas bágoas a árbore na que se convertera Dafne para escapar do seu afecto.

Aquel que fue la causa de tal daño
a fuerza de llorar, crecer hacía
este árbol, que con lágrimas regaba.¹

Nos exemplos precedentes, comprobamos como as lágrimas divinas se convierten nunha poderosa fonte de

vida pois delas brota a natureza e con elas se consolida o mito.

Na mitoloxía sumeria, Gilgamesch, rei de Uruk, metade deus e metade home, chora sen reparos polo seu amigo Enkidú. Nas páxinas da Biblia atopamos tamén casos de varóns que choran sen ningún tipo de contención. Faino o propio Xesús cando ve o corpo de Lázaro sen vida (San Xoán, 11: 33-35) ou cando entende que Xerusalén vai ser destruída (San Marcos, 14: 33-34). Xeremías, o profeta choromica, verte lágrimas como unha carpideira en máis dunha ocasión. Sirvan de mostra as seguintes:

Si no escucháis a Dios, lloraré en silencio
y secreto vuestra soberbia, mis ojos se
desharán en llanto.
(Xeremías, 13: 15-17)

Mis ojos se deshacen en lágrimas, día y
noche, sin cesar, por la terrible desgracia
que hiere a la doncella de mi pueblo.
(Xeremías, 14: 1-6)

En todos os exemplos precedentes, heroes e deuses choran sen reparo cando experimentan dor, tristeza, alegría ou algún outro tipo de emoción intensa. Chorar non tolda en ningún caso a súa valía, senón máis ben todo o contrario, a situación presentáenos como unha manifestación afectiva socialmente aceptada e mesmo valorada. O feito de que choren implica que son humanos, que posúen sentimentos e que actúan con naturalidade fronte a eles, sen ocultarse e sen reprimirse. Estamos ante unha concepción do pranto entendido como o alivio natural fronte á tristeza.

Acheguémonos ao poema épico castelán que narra as fazañas do Campeador para recordar os versos que abren o *Poema de Mio Cid*. Neles, o heroe, prototipo varonil de cabaleiro medieval caído en desgraza, parte da súa patria desterrado polo rei Afonso VI. Ao facelo non pode evitar que as bagoas aneguen os seus ollos.

De los sos ojos tan fuerte mientras lorando
tornava la cabeza e estava los catando
Vio puertas abiertas e uços sin cañados.²

Volve chorar Rodrigo Díaz de Vivar cando se despide da súa muller dona Ximena: «Lora de los ojos, tan fuerte mientras sospira»³ e faino, por suposto, tras a afronta de Corpes en compañía das súas escarnecidas fillas:

Grandes fueron los duelos a la departición
el padre con las hijas loran de corazón
assi fazian los cavalleros del Campeador.⁴

No século xv, cando se popularizan os romances e a literatura se abre a novos temas, os homes continúan chorando sen reparo e sen experimentar ningún tipo de vergoña ou culpa. Atopamos infinidade de exemplos no Romanceiro vello. Homes que choran porque son vítimas de falsa testemuña, como o do «Romance de la doncella guerrera».

Toditos los caballeros
se empiezan a desnudar
y el caballero Don Marcos
se ha retirado a llorar.
Por qué llora Vd. Don Marcos
Por qué debo de llorar
por un falso testimonio
que me quieren levantar.

Homes que choran publicamente, sen agachar a súa mágoa, pola morte dun ser amado, como o protagonista do «Romance del conde Alarcos».

Llorando se parte el conde,
llorando sin alegría;
llorando por la condesa,
que más que a sí quería.
Llorando también el conde
por tres hijos que tenía.

E mesmo homes e mulleres que choran xuntos, en pé de igualdade, como os que atopamos nos versos do «Romance del conde Grimaltos»:

Llora el conde y la condesa,
sin nadie les consolar,
porque no hay grande nin chico
que estuviere sin llorar.

¹ Garcilaso de la Vega, soneto XIII, 1º terceto.

² ANÓNIMO: *Poema de Mio Cid*, Madrid, Cátedra, 1994, Letras Hispánicas, 145.

³ *Ibidem*, 154.

⁴ *Ibidem*, 154.

A finais do xv popularízanse as novelas de cabaleirías cuxos protagonistas, invariablemente varóns, tamén choran de xeito reiterado e sen reparo. Nestas obras, o pranto dos homes pon de relevo a súa aflicción e serve para facernos ver o longo e tortuoso camiño que é preciso percorrer para alcanzar a virtude guerreira ou amorosa.

O sentimento amoroso comeza a ocupar o centro das dores dos varóns e para apuntalalo, comecemos por analizar o que sucede en *Curial e Güelfa*, unha novela catalá do xv que relata a relación amorosa do esforzado cabaleiro Curial e a súa dama, Güelfa. Xeralmente, nas súas páxinas as bagoas masculinas non se asocian a un comportamento impropio dos homes, senón que o choro desconsolado de Curial aparece vencellado ao seu carácter sensible e consecuentemente non merece ningún tipo de censura ou comentario pexorativo. O pranto masculino preséntasenos como algo perfectamente natural e normal.

Con todo, hai un personaxe, Melcior, o pragmático conselleiro de Curial, que insiste en relacionar o choro coa debilidade propia das mulleres:

Curial, ¿por qué adoptáis talante femenino y os expresáis como una hembra? Se caos las lágrimas, que demasiado prontas las tenéis, cosa que no se aviene con un caballero; y que el bien no os haga daño. Leed vuestra carta y no os lamentéis antes de tener motivo.⁵

Non será esta a única ocasión en que Melcior de Pando lle recrimine ao protagonista da novela o seu comportamento pretendidamente pouco masculino.

No gimoteéis, que no es propio de caballeros; yo os digo que en todas las cosas sois el mejor de los caballeros, pero en cuanto a lloriqueos sois como las hembras y es un vicio que os resta gran parte de vuestra virtud y honor.⁶

Lémbranos o comentario a aquel outro que, segundo unha coñecida lenda, tivo que escoitar Boabdil, o último rei de Granada, cando tras entregarlle á cidade aos Reis Católicos, en 1492, sentiu á sultana Aixa, súa nai, dicir

aquilo de: «Chora como unha muller o que non soubeches defender como un home».

Atopamos o mesmo razoamento prexucioso noutra das grandes novelas de cabaleiría catalás. Nunha das escenas de contido sexual máis explícitas do *Tirant lo Blanch*, cando Carmesina, a protagonista feminina, comprende que Tirant «treballava ab l'artelleria per entrar en lo castell»,⁷ isto é que se preparaba para penetrala, a princesa, recorre sen dubidar ás «armes de les dones». Ou o que vén sendo o mesmo, ás bagoas.

Nas páxinas de *Amadís de Gaula*, a novela de Garcí Rodríguez de Montalvo, o heroe tamén chora con facilidade e frecuencia, faino por tristeza, pero fundamentalmente porque o embargan a emoción ou o amor.

Y viéronle los ojos bermejos y las fazes mojudas de lágrimas, así que bien parecía que durmiera poco de noche, y sin falta así era, que membrándose de su amiga considerando la gran cuita que por ella le venía sin tener ninguna esperanza de remedio otra cosa no esperaba sino la muerte.⁸

Cando sospeita que pode ser non correspondido, o sufrimento do Doncel del Mar, convértese na tan manida enfermidade amorosa. A dependencia afectiva do amante léva a enfermar de amor, tópico recorrente en toda a literatura europea da época. O amante sometido á dama, non come, non durme, pode chegar a entolecer e mesmo chega a perigar a súa vida.

Y era ya su salud tan llegada al cabo, que no esperaba bivar quince días, y del mucho llorar, junto con la su gran flaqueza, tenía el rostro muy descarnado y negro, mucho más que si de gran dolencia agravado fuera, así que non había persona que conoscerlo pudiese.⁹

Precisamente desta particularidade de Amadís, se burla Cervantes nas páxinas do *Quijote*:

Tuvo muchas veces competencia con el cura de su lugar —que era hombre docto, graduado en Sigüenza— sobre cuál había sido mejor caballero: Palmerín de Inglaterra o Amadís de Gaula; mas maese Nicolás, barbero del mismo pueblo, decía que ninguno llegaba al Caballero del Fobos y que si alguno se le podía comparar

era don Galaor, hermano de Amadís de Gaula, porque tenía muy acomodada condición para todo, que no era caballero melindroso, ni tan llorón como su hermano, y que en lo de la valentía no le iba en zaga.¹⁰

Quizais o cambio que se produce a finais do xv garde algunha relación coa aparición da novela sentimental en forma epistolar, talvez sexa unha reacción contra a submisión amorosa que impoñen os canons do amor cortés, talvez teña que ver con cuestións máis pragmáticas como a nova configuración dos exércitos ou talvez sexa unicamente consecuencia directa dun cambio de sensibilidade na sociedade. Pouco importa, o certo é que o tal cambio aséntase e chega aos nosos días.

Contradicindo o sentir xeral, ultimamente teñen chorado en público Lula da Silva cando os Xogos Olímpicos foron parar a Río de Janeiro, David Beckham ao se despedir dos seareiros de París, Bustamante cada vez que lle ían ben as cousas en *Operación Triunfo*, Obama cando faleceu a súa avoa sen coñecer os resultados electorais ou Iker Casillas na final da Copa do Mundo.

A nós, que algúns homes choren ou deixen de chorar prodúcenos verdadeira indiferenza. O que nos parece certamente intolerable é que, a estas alturas do século XXI, a sensibilidade que denotan as bagoas masculinas se asocie a unha debilidade propia de nosoutras, as mulleres. ■

⁵ BADIA Lola, e Jaume TORRÓ: *Curial e Güelfa*. Edición crítica i comentada, Barcelona, Quaderns Crema, 29, 2011.

⁶ *Ibidem*, p. 148.

⁷ MARTORELL, Joanot: *Tirant lo Blanc*, Madrid, Alianza, 2005.

⁸ RODRÍGUEZ DE MONTALVO, Garcí: *Amadís de Gaula*, Madrid, Cátedra, 1996, 2 vols.

⁹ *Ibidem*, p. 741.

¹⁰ CERVANTES, Miguel de: *Don Quijote de la Mancha*, Madrid, EDAF, 1999.

Amelia,

unha vida marcada pola emigración

AMPARO OTERO ALONSO

Quixo o destino que Amelia Fernández Rodríguez fora nacer no Pará, en Brasil, un 23 de maio de 1920 e que aquela fose a súa casa por non máis dun ano e medio. Amparo era filla dun portugués chamado Joaquin, que marchara aló con seu pai, e de Delfina, que tamén emigrara xunto con súa nai e unha irmá dende a parroquia de San Miguel de Destiriz, en Padrenda, Ourense.

A vida de Amelia queda marcada cando, aos 5 anos, ela e mais os seus irmáns Maximiano, de 2 anos, e Olga, de 7, quedan orfos de nai. Como tantas outras mulleres, a súa nai e o meniño que traía no seu ventre morreron por mor de complicacións no parto do que ía ser o cuarto fillo. Como curiosidade da época podemos anotar que inda que oficialmente consta que Olga e Amelia naceron o mesmo día, ela garda unha



LEMBRANZAS dunha época

fotografía acabados de chegar do Brasil, os seus pais e irmáns, onde se pode apreciar a diferenza de idade que naquel momento había entre elas dúas.

O pai de Amelia queda viúvo e con tres nenos pequenos ao seu cargo, que vai quitando adiante grazas ao seu traballo de xastre e coa axuda da avoa materna, que pasa a realizar as tarefas de nai. Así pasaron os anos até que o seu pai volve casar, máis ou menos cando Amelia contaba cuns doce anos. Deste novo matrimonio nacerían seis fillos máis, irmáns por parte de pai.

Sendo tanta xente na casa, cando Amelia cumpriu 15 anos non lle quedou máis remedio que poñerse a traballar limpando casas. Recorda que por aquel tempo limpaba na casa dun mestre e das súas dúas fillas e tamén na dun garda.

Era xente que podía, porque senón, a roupa cada un lavaba a súa. Levaba a roupa para casa e ía ao río a lavala de xeonllos, nunha pedra no chan, e cando lla devolvía xa ía sequiña. O piso tocábame fregalo de xeonllos cun cepillo.

Amelia recorda o moito que traballou limpando e como a chamaban para ir limpar cando había celebracións. De feito, daquela celebrábanse as vodas na casa e pagábanlle por ir limpar e deixar todo listo para o casorio.

Nunha ocasión estiven limpando oito días seguidos na mesma casa, entre os de ir limpar antes do convite e os días que estiven a limpar despois.

Aquela mociña que era Amelia, non só limpaba nas vodas. Ás veces, aproveitando que tiña que ir até Tui, á casa onde foran vivir os sogros do seu pai, algúns veciños pagábanlle o billete de tren para que de volta lles recollese algunha documentación que precisaban traer do bispado.

Antes para casar había que ir buscar o despacho, que eran os papeis que facían falla para casar. Algúns veciños, que sabían que os sogros de meu pai andaban moito alá na igrexa, co bispo, e tiñan confianza con el, dábanme algo para o tren, para que lles trouxese os documentos que facían falta, xa que a nosa parroquia pertencía ao bispado de Tui.

Pero, sen dúbida algunha, o traballo que recorda con máis emoción foi o de embotellado de gasosa.

Había unha casa onde facían a gasosa e cando había festa nos arredores, íalles axudar co pedido, que despois levaban ao seu destino en caixas, ao lombo dunha mula. Non había auga corrente, así que botábamos a auga nun bidón. Logo coabámola cunha saba para que non levase lixo e engadiámoslle xarabela, que era un xarope de azucre. Ao final colocabamos as botellas en ringleira boca abaixo e íamol as enchendo a man facendo xirar unha roda que co ácido incorporaba a bóla do peche. Que forza había que facer para empurrar a roza cando saía o gas!

Nestes traballos pasaba o tempo, até que, con 28 anos, coñeceu ao que foi o seu home, un portugués que ía cargado con peixe para a súa terra e volvía cargado co que podía. Tan só un ano despois de coñecerse, casaron. Inda que o seu matrimonio non estivo exento de fatalidades, durou sesenta e catro anos e naceron seis fillos que se converteron na prioridade de Amelia.

Cando o meu fillo máis vello tiña 5 anos pegoulle un ataque de meninxite e non andaba, caía. Levábao e traíao á escola ao lombo [...]. Trouxémolo a Vigo ao San Rafael, levábamolo a Santiago. Fixémoslle o que puidemos pero a meninxite sempre deixa algo. [...] Aos once anos de casar o meu home emigrou a Francia para traballar na construción e quedei soa cos nenos. O fillo máis vello tiña daquela 10 anos e o máis novo un mes e tres días. Meu home estivo fora dezaseis anos traballando, pero o que el mandaba non chegaba a moito. Así que con algo que eu gañaba aquí íamos vivindo. El traballando alá e eu aquí. Eu traballaba ao xornal nos campos, colectaba moito viño e vendíao ao tempo que criaba dous porcos. Tamén gañaba cartos pasándolle o ferro a roupa dunha veciña que casara cun policía e era ela algo máis delicada, máis señorita [...]. Coticei pola Agraria trinta e tres anos. [...] Antes non había cartos como agora. Se os de agora viviran coma os de antes! Os de agora non saben aforrar! Botabamos toda a semana cunha roupa e lavabamola o domingo para a volver poñer o luns. Os homes só tiñan unha camisa para diario e outra para o domingo e botabamos remendos enriba de remendos.


A pesar de ter lonxe ao marido e do esforzo e traballo extra que supuña loitar soa o día a día, Amelia quixo darlle un futuro aos seus fillos.

Criei soa estes seis fillos e aprenderon todos un oficio. Na terra nunca os metín a aprender. Pagáballe 5 pesos ao mes á modista da aldea para que lle aprendera o oficio a unha das fillas. Cando ían tendo uns 15 anos foron indo para Vigo para cadanseu posto de traballo. Cando o meu home volveu de Francia, el traballaba ao xornal e ás veces, eu íalle a axudar.

Agora, xa no seu merecido descanso, transmite unha enorme dose de positividade, a pesar de que lle tocou vivir unha vida dura, chea de traballo e cunha morea de penurias que garda para si. Queda coas cousas boas da vida. Principalmente o orgullo que a enche cando fala dos seus fillos, das súas noras, xenros e netos, pero tamén das lembranzas vividas co seu home a quen perdeu hai poucos meses. E nesta morea de trazos da memoria, non pode deixar de recordar tamén os logros profesionais en cada un dos postos laborais que ocupou.

Eu piquei en todo e traballamos mentres puidemos. ■

Libros



Calidoscopio

ARELLANO SALAFRANCA, Ana M.^a:
Calidoscopio, Rocamadour, 2013, 142 pp.

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Segundo o dicionario do Isaac Alonso Estraviz, un calidoscopio é un «cilindro opaco, em cuja longitude se acham dispostos muitos espellos, reflectindo pequenos objectos de cores variadas, colocados no tubo e que asim formam desenhos variados e simétricos».

Todas sabemos que ao ir xirando estes enxeñosos tubos, a realidade visual contemplada varía maxicamente alentada polas cores e a luz. De maneira semellante, nesta colección de relatos breves, Ana Arellano logra sorprendernos cunha multiplicidade de personaxes e situacións que desfilan apresuradas e vividas co pasar das páxinas.

Estamos ante un conxunto de textos protagonizados por seres reais e familiares, anciáns que se enfrontan a fillos pragmáticos empeñados en desfacerse do patrimonio familiar, mulleres que aturan malos tratos mentres as súas relacións afectivas se deturpan de maneira monstruosa, unha condutora que asiste ao atropelo dun inmigrante ilegal, a nena de seis anos que sofre, sen entendelo, abusos sexuais ou a relaxada moza que se masturba un sábado pola mañá. Personaxes solitarios, con frecuencia alienados, que nos sorprenden coa súa presenza e experiencias.

A autora desta orixinal colección recorre ao multiperspectivismo para amosarnos que a mesma situación pode ser observada de maneira radicalmente diferente, en función de quen a narre. O ancián que non acaba de entender o desexo do seu fillo de vender a casa familiar de Cambrils, a muller a punto de dar a luz que agradece a soidade e a proximidade do inminente nacemento, o fillo con problemas económicos que non comprende a postura paterna e mesmo a nai falecida que lembra un pasado en común, conforman, como se dun calidoscopio se tratase, un único relato.

O mesmo sucede no relato «En tiempos de Bonanza», onde as voces da nai da vítima, da nena vítima de abusos sexuais e mesmo do pedófilo que os comete, conforman unha única narración observada desde a pluralidade. Ante este exercicio estilístico, a lectora, libre de todo condicionamento, vese na obriga de construír a súa propia versión do narrado.

Andrés o adúltero describe o encontro sexual con María, sen saber que a terceira persoa do trío é Nuria, a súa moza desde hai anos. A homosexualidade, especialmente a feminina pero

non só, cobra protagonismo en boa parte dos textos. Apúntanse tamén temas como os estragos físicos que causa o paso do tempo, a soidade na que vivimos, o divorcio e as rupturas amorosas, a traxedia dunha nai que se esforza en superar a perda da súa filla ou a arteira actuación dun silencioso dependente que garante o seu futuro económico co roubo dunha valiosa xoia.

Moitos dos relatos contan cun final inesperado que sorprende a quen os le. Como se dun xogo de cores se tratase, autora e lectora, precísanse mutuamente para completar a comprensión global do texto. A intercomunicación forma parte do relato. É por iso que se agradecen as referencias literarias que a escritora vai vertendo, como quen non quere a cousa, nas páxinas do volume. Galeano, Szymborska ou Benedetti aportan pistas sobre modelos e preferencias da escritora.

Calidoscopio, pecha até o momento, o ciclo iniciado por Arellano con *Menú de degustación* (Galaxia, 1999). Salvando as distancias, comprobamos en ambos como as cousas non son nunca o que parecen a primeira vista. ■

Hannah Arendt



Ficha técnica

Título orixinal: Hannah Arendt

Ano: 2012

Duración: 113 min.

País: Alemaña

Directora: Margarethe von Trotta

Guión: Pam Katz, Margarethe von Trotta

Música: André Mergenthaler

Fotografía: Caroline Champetier

Reparto: Barbara Sukowa (Hannah Arendt),

Axel Milberg (Heinrich Blücher), Janet

McTeer (Mary McCarthy), Julia

Jentsch (Lotte Köhler), Ulrich Noethen

(Hans Jonas), Michael Degen (Kurt

Blumenfeld), Nicholas Woodeson

(William Shawn)

Produtora: Heimatfilm

Xénero: drama

Web oficial: <http://www.zeitgeistfilms.com/hannaharendt/>

Sinopse

Retrato da filósofa e teórica alemá Hannah Arendt durante un dos momentos máis importantes da súa carreira, cando en 1961 cubriu para *The New Yorker* o xuízo contra o ex nazi Adolf Eichmann. Os seus escritos sobre o proceso causaron controversia pola descrición que fixo de Eichmann e dos consellos xudeus. Usando as gravacións orixinais do xuízo, a película tamén conta con representacións doutros destacados intelectuais como Martin Heidegger, William Shawn e Mary McCarthy.

Premios

2013: Seis nominacións aos Lola Awards da Academia de Cine Alemá, conseguindo dous: mellor actriz, Sukowa, e mellor película (segundo premio)

Premios do Cine Europeo: nominada a mellor actriz, Barbara Sukowa

Festival de Valladolid - Seminci: Espiga de prata

de contar a peripecia do xuízo, identifica a Eichmann, responsable da «solución final» dos campos de exterminio, non coma un monstro, senón como unha persoa normal, un burócrata ambicioso que renuncia a pensar e deixase arrastrar pola idea de participar en algo histórico. Arendt cuestiona tamén no libro o papel de cómplices necesarios da xerarquía xudía alemá e resulta acusada polo sionismo de traidora. Ideas e puntos de vista que produciron daquela e producen aínda hoxe grandes controversias. A película móstraa, na linguaxe do documental, así como a batalla interior da filósofa, estupendamente interpretada por Sukowa, pola necesidade de superar o que os demais esperan dela, e manifestar o que ve con tanta claridade, por malas que sexan as consecuencias para ela mesma.

Ese valor de dicir a verdade, insubmisión co adecuado e libre de compromisos, a idea de que os maiores males poden proceder de xente corrente e que o único que nos pode previr da catástrofe é o pensamento están moi ben reflectidos na película e son de máxima actualidade. Un espírito de recoñecemento da complexidade da realidade, que é tamén o da directora e permite revivir a vertixe e o valor de Arendt nalgunha das decisións que tomou ao longo da súa vida. ■

ANA LUÍSA BOUZA

Von Trotta remata con esta película, premiada coa Espiga de prata no Festival de Valladolid e o premio á mellor actriz para Barbara Sukowa nos premios do Cine Alemán, unha triloxía sobre a historia alemá do século xx que se inicia con *Rosa Luxemburgo* de 1986 e segue con *A rúa das Rosas* de 2003.

A película céntrase no xuízo a Eichmann que Arendt seguiu en directo por encargo do New York Times e na lembranza da súa relación xuvenil con Heidegger, para facernos comprender, por medio da acción cinematográfica a orixe e o proceso de construción do concepto da banalidade do mal. Un concepto desenvolvido por Arendt no libro *Eichmann en Jerusalén* que, ademais



Tana Oshima: *Grecia*

PUBLICIDADE



NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesani.org

Nome:
Apellidos:
Enderezo:
C.P.: Localidade:
Telf:

Cuota anual: 30,05 euros.
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC
c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:
Enderezo:

Naceu en Irán en 1919. Creceu nunha granxa en Cimbabue, onde viviu até os 30 anos. En 1944 casou cun xudeu alemán do que adoptou o apelido. Deixou á familia para trasladarse a Londres a ser algo máis que unha nai. Militou no comunismo até a revelación dos crimes stalinistas. Volveu a África logo de anos de prohibición. Gañou o Nobel de Literatura en 2007. Publicou até 2008. Morreu o 17 de novembro de 2013 en Londres.

Alá onde a levou a vida tomou posición: foi insubmisas á severidade vitoriana da nai, denunciou o apartheid, solidarizouse co pobo xudeu masacrado polos nazis, rebelouse contra o status das mulleres, reaccionou contra o stalinismo dende as filas militantes comunistas, non foi recoller o Nobel. Deixounos compartir de primeira man, coa súa obra, esa actitude vital de non claudicar nin resignarse nin acomodarse, de busca permanente, de visión crítica da sociedade e da propia vida.



Doris Lessing

Para moitas mulleres feministas as peripecias de Anna Freeman en *O caderno dourado* comparten andel principal con Wollstoencraft, Woolf ou Beauvoir. Mostran esa visión de Lessing tan actual de conexión, neste caso entre as loitas nos anos cincuenta e sesenta, por unha vida mellor. Do feminismo, o comunismo, o antiapartheid e o anticolonialismo, que mostran os cadernos roxo e negro, xunto cos episodios de «Mulleres libres», entre a vida persoal e todas esas loitas dos cadernos azul e amarelo, a importancia desta obra pode escurecer outras que, alén do valor literario, debuxan a sociedade do século xx europea e africana con ollos feministas e de esquerdas. Algunhas cuestionan roles e prexuízos desde o maior realismo, como a serie «Fillos da violencia» protagonizada por Martha Quest ou *O quinto fillo*, outras denuncian a dureza da vida das mulleres, como *Diario dunha boa veciña*, adéntranse na ciencia-ficción feminista, como *Os matrimonios entres as zonas tres, catro e cinco*, ou describen o interior da xeografía humana e as súas contradicións, como *A boa terrorista* ou a súa propia biografía.

Ao redor de cincuenta publicacións, entre novela, biografía, teatro, poesía e até un libreto de ópera. Unha obra, que fará perdurar a súa memoria, que seguirá a mostrar ás vindeiras xeracións exemplo de acción e de vida. ■

Para saber máis:

MANGUEL, Alberto: «Doris Lessing, la épica de lo femenino»,
El País, 18 de novembro de 2013, en:
http://cultura.elpais.com/cultura/2013/11/17/actualidad/1384719830_223344.html

SANZ, Marta: «Lessing, una mujer de quien aprender»,
El País, 18 de novembro de 2013, en:
http://cultura.elpais.com/cultura/2013/11/17/actualidad/1384720016_282407.html